

---

Resumen .....	2
Abstract .....	2
1. Introducción. Algunhas precisións conceptuais. ....	3
2. Na busca do propietario “perfecto”. ....	11
3. A apelación ós “propietarios” como suxeitos (inexistentes) da innovación. ....	19
4. Innovadores teóricos e “propietarios” satisfeitos: o vocerío fronte ó silencio <i>selectivo</i> . .....	29
5. A excepción que confirma a regra: José Pardo-Bazán ...e pouco máis.....	37
6. Conclusión.....	42
BIBLIOGRAFÍA.....	43

**Resumen:**

A la hora de realizar unha aproximación a la figura del “propietario-innovador” en Galicia, una primera y fundamental tarea es precisar con claridad la realidad que se esconde detrás de estos términos, en función de la complejidad de aspectos (agrarios y económico-productivos, pero también sociales, políticos y estratégicos) que recoge esta ecuación. Para el caso gallego, la simple existencia de propietarios burgueses resulta problemática en función de la mayoritaria presencia de la cesión foral, situación que condiciona fuertemente toda posibilidad de innovación, al igual que las características estructurales (mentalidad rentista, excesiva parcelación, carencia de crédito agrario, propiedad no plena) definidoras de la agricultura galaica. Al lado de una abundante literatura de la innovación, la plasmación práctica de sus postulados apenas si cuenta con ejemplos reales, por lo que la investigación de las actitudes innovadoras deberá centrarse en el estudio de las pequeñas mejoras que la comunidad campesina va introduciendo en su trabajo diario.

**Abstract:**

In order to make an approach to the figure of “innovative-owner” in Galicia, one of the first and important task consists of explaining clearly the reality that these words mean, because of complexity of aspects, such as agrarian and economic-productive, but also social , political and strategic, which are included in that expression. To the Galician case, the only existence of middle-calss owners turns out problematic, because of the majority presence of *foro*, this situation conditions strongly any possibility of innovation, just like structural characteristics (financial mentality, excessive pieces of ground, lack of farming credit, not full property) which define the Galician farming. Close to an abundant literature of innovation, the way of doing practical their postulates hardly find real examples, because of that, the research of innovative attitudes should be concentrated on the study of little improvements that the rural community is introducing in its daily work.

## 1. Introducción. Algunhas precisións conceptuais.

A noción de *propietario* tal e como hoxe a coñecemos e empregamos non é, en absoluto, unha realidade que poidamos retraer á noite dos tempos. De feito, só a contemporaneidade é a que outorga ós propietarios e á *propiedade* os seus máis característicos perfís. Se simplemente nos retraemos ó Antigo Réxime, e para expresármolos con corrección, mais que de *propiedade* cabería falar unicamente de dereitos de posesión sobre determinados bens, dereitos case sempre parciais e incompletos, nos que a presenza e vitalidade de elementos como a xurisdicción -que concede carta de aproveitamento sobre medios de produción alleos-, a *propiedade* comunal e comunitaria ou a vinculación que constreñía o disfrute individual a consideracións máis amplas e tamén máis indefinidas -familiares e de linaxe-, condicionan grandemente a aplicación da moderna definición de *propiedade* a estas épocas (Peset, 1982: 18). Xa que logo, só o novo ordenamento xurídico burgués que ten a súa máis prístina plasmación no Código Civil napoleónico é o que nos aporta esa *propiedade* -e ese propietario- *plena, perfecta, única e sen matices* dominante nos séculos XIX e XX (Grossi, 1986; Tigar & Levy, 1978). O problema, evidentemente, plantéxase naqueles casos onde esta contemporaneizada *propiedade* queda restrinxida ó compoñente normativo das leis sen ter unha aplicación real ou, tamén, naquéloutros nos que o dominio de determinadas relacións de produción impiden a concreción da *propiedade* burguesa e mesmo forzan ó código a adoptar fórmulas intermedias -os *censos*- que permitan concilia-la contradicción dunha *propiedade* non plena no marco dun dereito burgués (Clavero, 1982). O sistema foral presente no país galego ó longo de todo o XIX e boa parte do XX, coa distinción entre dono do *útil* e dono do *directo*, semella adaptarse plenamente a este modelo, cousa que para o tema que nos ocupa non deixa de ter unha grande trascendencia: se en Galicia non hai, en sentido estricto, *propiedade* burguesa, ¿de que falamos en Galicia cando falamos de propietarios? ¿a que aluden os padróns de poboación cando presentan a unha serie de individuos como propietarios?<sup>1</sup> E defini-lo obxecto ó que nos estamos a referir non é un puro exercicio de

---

<sup>1</sup> Os problemas á hora de definir que é o propietario ó que se refiren as fontes decimonónicas non é, en absoluto, exclusivo de Galicia en función da peculiaridade do sistema foral, por canto tamén está presente

nominalismo, senón a base inexcusable de partida para poder aborda-lo tema cun mínimo de coherencia e permitir unha discusión que, cando menos en canto ó cerne da mesma -o *propietario*-, parta dunha mesma definición.

A cousa aínda se pode complicar un chisco se introducimos novas interrogantes no esquema. É ben coñecido, desde as investigacións de R. Villares sobre a estrutura da propiedade da terra na Galicia do XIX, que a relación foral é a que en maior medida define as formas de cesión do terrazgo no país, mais non é menos certo que son fundamentalmente valoracións cualitativas dos contemporáneos as que avalan esta afirmación permitindo que aportacións empíricas para espazos moi concretos poidan ser validadas para a totalidade do conxunto (Villares, 1982a: 206). Aceptando por completo esta preponderancia do foro, e para o tema que agora nos ocupa, sería non obstante moi interesante poder establecer con maior precisión a súa extensión e as matizacións territoriais á mesma que sen dúbida aparecerían, desde o momento que a súa presenza semella un elemento condicionador de primeira orde para poder defini-la existencia de propietarios (innovadores) no país. Xa Pegerto Saavedra (1985) demostrou a importancia dos arrendamentos en toda a antiga provincia de Mondoñedo, mentras que Cardesín (1992a) detecta para a zona da Terrachá unha abondosa presenza de contratos de acasamento<sup>2</sup> e Domínguez, Basalo e Losada (1995: 117) falan de propietarios fidalgos que traballan directamente as súas propiedades vinícolas na zona do Ribeiro. Do mesmo xeito, López Taboada (1992), nun artigo que ten máis de ensaio e de formulación de hipóteses que de presentación de resultados froito dunha pesquisa investigadora, afirma a existencia desde comezos do XIX dunha tendencia á substitución da cesión foral por outra baseada en arrendos a curto prazo -sempre que foi posible obvia-la *Pragmática Sanción* de 1763-, proceso que a mediados de século daría lugar a que “*a maioría absoluta do campesinado galego de toda a franja costeira de Galiza traballa terras arrendadas a curto prazo mediante contratos pontuais de múltiples parcelas a múltiples arrendatários ...*” (p. 56). Quizais sexan só illas nun predominante mar de foros, mais convén non esquecerlas nin obviaslas e, sobre todo,

---

noutras historiografías europeas que padecen similares dificultades para encher de contido concreto a definición e chegar a unha entente cordial entre os investigadores sobre a súa esencia: Romanelli (1991: 38).

<sup>2</sup> Na miña propia investigación, e para a mesma zona, tamén os arrendamentos, moitos deles verbais, aparecen con frecuencia.

facelas obxecto de investigacións máis profundas. En todo caso, se agora estamos a falar de arrendamentos e caseiros, tamén o estamos a facer de propietarios plenos que simplemente ceden as terras en usufructo sen perder ningún dereito dominial sobre delas, co que xa ningunha reminiscencia foral pon en cuestión esta propiedade e ningún dominio dividido dificulta a presenza dunha posible tendencia á innovación. Outra cousa é, claro está, que a innovación se impoña como consecuencia directa da propiedade perfecta, xa que se esta pode sinalarse como condición necesaria daquela (Hobsbawm, 1996: 46) non debe presentarse en absoluto como elemento suficiente. Noutras palabras: un propietario pleno pode ter idéntica mentalidade rendista que un simple propietario do directo absolutamente desligado do cultivo da terra e sen posibilidades de intervir nel.

A mesma argumentación que faciamos para o foro é válida no tratamento do seu descendente directo, o subforo. De novo os autores decimonónicos insisten na súa proliferación<sup>3</sup> pero unha vez máis a investigación contemporánea ten descoidado a definición territorial e cuantitativa da súa extensión<sup>4</sup>; para o que agora nos ocupa, sería un indicador moi útil á hora de sinalalos atrancos a unha actividade innovadora na agricultura se aceptámo-la anterior proposta que liga dun modo directo propiedade plena con posibilidades de innovación agraria (Boserup, 1967: 21; Dorner, 1974), xa que se a relación foral supón establecer unha duplicidade de dereitos sobre a terra e carga-lo

---

<sup>3</sup> “*Muchos de aquellos (primeiros foreiros) ya no eran labradores: al encontrarse con fincas productivas (...) las habían subforado (...) convirtiéndose a su vez en rentistas (...) Estas segundas, y algunas ya terceras o cuartas pensiones, consecuencia de varios sub-foros sucesivos ...*”, Conde de Pallares, “Estado de la propiedad en Galicia, II”, *La Época*, 28-IX-1866.

<sup>4</sup> Probablemente porque o traballo sería moi laborioso e cheo de dificultades, ademais de necesitar dun esforzo en grupo e de que quizais os resultados finais non xustificasen as enerxías despregadas. A investigación de Villares, sempre o punto de referencia obrigado nestes temas, sinala que a fidalguía non sempre aparece como intermediaria subforal entre mosteiros e campesiños, senón que tamén aumenta os seus dominios por outras vías que non implican, necesariamente, cesión subforal: a substitución/usurpación da titularidade do directo primixéneo, a adxudicación de propiedades de campesiños endebedados e a compra de terras alodiais libres de dominio (1982a: 85-86). Verbo da extensión dos subforos, o mesmo Villares estudiando a zona de Chantada e Carballedo (1975: 70), sinalaba que a maioría das rendas percibidas pola fidalguía procedían de predios libres de dominio eclesiástico, logo cedidos directamente a campesiños en concepto de foro. Do mesmo xeito, e para o caso concreto do priorato de Masma, afirma que os primeiros foreiros das terras dos regulares son maiormente campesiños. Xa que logo, en ningún destes exemplos aparece implícita a relación subforal. Tamén Domínguez (1992) suliña en varias ocasións a importancia, para a área do Ribeiro, tanto da propiedade plena fidalga (p. 125) como da explotación directa dos seus dominios (p. 79), peculiaridades que relaciona coas posibilidades lucrativas da comercialización do viño. Eis un elemento fundamental á hora

cultivo cunha detracción en forma de renda, o subforo non fai senón multiplicar estas eivas facendo recaer sobre o último elo da cadea -o campesiño parcelario- todo o peso do mantemento do sistema, co que unha terra cada vez máis esfarelada polas sucesivas herdanzas ten que aturar dobres e ata triplas pensións coas que satisface-los anxeios rendistas dos sucesivos intermediarios. Aquí as posibilidades dunha actividade agrícola emprendedora, simplemente, desaparecen<sup>5</sup>.

Pero se difícil é dotar de contido preciso á categoría xenérica de propietario, a caracterización do segundo compoñente da relación, o adxectivo *innovador*, non resulta menos problemática. O estereotipo do *propietario innovador* ten unha clara raigame inglesa e como exemplo a imitar exportouse ó resto de Europa desde finais do s. XVIII, ben fose directamente, ben coa adaptación continental que del fixeron os fisiócratas franceses. Pero se ata hai uns anos o tipo viña funcionando como referente case universalmente aceptado, hoxe os outrora envexados *landlord* británicos están sendo obxecto dunha revisión crítica que os alixeira de compoñentes positivos (*amor* ó risco, gosto pola innovación, tendencia á mellora das terras e ós reinvestmentos productivos en maquinaria, adubos, novas sementes ...) para destacar outros que os achegan ós seus homónimos continentais: seguridade da inversión como valor supremo, desinterese polos cultivos, afán simplemente rendista ... (O'Brien, 1987), ó tempo que a figura do pequeno propietario se revitaliza como activo emprendedor agrícola e o referente da grande propiedade perde postos en favor da pequena e mediana en canto ó espacio privilexiado na concreción das melloras (O'Brien, 1987: (1.395, 1.399); Hubscher, 1985; Van Zanden, 1994). É xa que logo claro que o innovador por excelencia está a perder boa parte dos rasgos que ata agora o identificaban, polo que cómpre unha urxente revisión do tópico que permita unha mellor comprensión das agriculturas que, pola

---

de valora-las posibilidades innovadoras dunha agricultura: a presenza ou non de producións con doada saída ó mercado.

<sup>5</sup> A práctica do subarrendo ten sido xeralmente criticada pola historiografía como negativa para o desenvolvemento agrícola: Prieto (1988: 15, 17) fala do “parasitismo” dos subarrendadores e califica ós subarrendos de “cáncer” da riqueza social. Para a Padania italiana, Della Valentina (1990: 176-182) define a existencia dun contrato (a “*affittanza impresaria*”) moi similar ó subforo galego, onde unha institución xeralmente eclesiástica arrenda a un terceiro unha serie de posesións que este cede á súa vez en forma de arrendamento ou colonia. Para este autor, a finalidade tanto do primeiro cedente como do “*affittuario speculatore*” é puramente rendista, sen que o reinvestimento de parte do capital obtido nin a preocupación pola mellora dos terreos apareza por ningures, o que lle serve para marca-las diferencias co grande arrendatario capitalista que a historiografía agraria clásica sinala como o axente máis activo da innovación na agricultura moderna por excelencia, a inglesa.

carencia deste propietario tipo, viñan sendo definidas como *atrasadas* en función da súa non adecuación ó paradigma inglés.

Partindo da consideración de que o investimento en terras non é irracional *per se* nin denota un comportamento forzosamente rendista e debedor dunha mentalidade *ancien regime*<sup>6</sup>, senón que se presenta como plenamente racional dentro dun modelo de crecemento económico capitalista como o europeo do XIX, a definición do que é innovación agrícola non resulta en absoluto doada de facer. En principio, semella esforzo inútil querer establecer un modelo de validez universal resistente ó tempo e adaptable a tódolos espazos que substitúa ó inglés, polo que máis proveitoso será recolle-la aportación de Banti (1989b) e a partir de criterios como *razionalità limitata* defini-lo que é ou non innovación en función do contexto xeral de referencia, das limitacións que marca, das posibilidades que ofrece e das alternativas que permite experimentar: só un completo coñecemento deste entorno permitirá aludir á racionalidade/irracionalidade das decisións adoptadas polos actores.

E a partir daquí o espectro en canto ó que pode definirse como innovador vese enormemente ampliado, mais tamén as preguntas e as interrogantes logo de invalidado o referente totalizante anterior: ¿o innovador ten que respostar forzosamente á figura do cultivador directo e o traballo asalariado ou pola contra os propietarios que optan por determinadas fórmulas de arrendamento nas que se establece a tipoloxía dos cultivos, os adubos a empregar, que facilitan a capitalización das explotacións vía préstamos (a miúdo usurarios) ...nas que se constata, en fin, uns propietarios interesados non só na renda senón tamén na xestión da terra e a intensificación e mercantilización da produción poden exhibir tal calificativo? (Millán, 1984: 230, 310; Garrabou, 1992: 47; López & Melgarejo, 1992: 200; Millán & Calatayud, 1992: 337-339; Calatayud, Millán, Romeo, 1996: 80-81; Pons, 1990) ¿A elección dun arrendatario solvente e a fixación de cláusulas que garantan unha xestión da terra eficaz desde un punto de vista capitalista outorga ó propietario carta como innovador-emprendedor ou criterios como o reinvestimento de parte dos beneficios na propia terra deben de ser tamén considerados? ¿A experimentación e o risco son elementos básicos en todo innovador que se teña como tal ou o *risk averse* e a centralidade dos esforzos en producións coñecidas tamén

---

<sup>6</sup> Como en máis dunha ocasión suxire Mayer (1984).

poden formar parte da súa actitude como produtor? ¿A simple racionalización das explotacións é xa un índice de innovación? ¿Un propietario absentista que xestiona as súas propiedades con administradores pode ser un innovador? (Armiero, 1994) ¿A innovación ten que centrarse nunha única liña de produción ou o racional e realmente novidoso pode se-la diversificación dos investimentos? (Macry, 1989: 63-64; Banti, 1989b: 73) ¿A innovación ten que ter sempre como norte a busca do beneficio ou o fomento da actividade emprendedora pode estar en relación con necesidades de tipo socio-político que acentúen e remarquen o dominio das clases dirixentes? (Guillemin, 1985: 59) ¿A presenza en sociedades agrícolas ou a exhibición de produtos nas exposicións agrarias son probas seguras de actitude emprendedora? En definitiva, ¿como fixala o que de innovador pode ter unha xestión e que elementos considerar á hora de establece-lo honroso título de *propietario innovador*? E máis importante aínda, ¿como establece-la conexión entre as prácticas emprendedoras de catro ilustrados -que a miúdo non pasan de ser *experimentadores de horta* ou rendistas desocupados que cultivan por simple afección (Cocaud, 1996: 494)- e o conxunto da actividade agrícola da zona considerada, a súa posible influencia, o seu impacto na variación das técnicas empregadas, a forza do seu exemplo, a dinamización que poidan ter introducido ...? Porque unha cousa si hai que ter clara: os exemplos particulares e concretizados só nos son utís en tanto en canto os relacionemos co contexto agrario xeral e poidamos empregalos como ilustración do mesmo (en positivo ou en negativo), desde o momento que a innovación -ou cando menos a tendencia cara ela- debemos de rastrexala e valorala no conxunto da actividade agrícola que pretendemos analizar, e non nos esforzos illados dun puñado de emprendedores. A dinámica innovadora hai de valorala polo que teña de rasgo estrutural nunha situación dada, e non pola súa presenza en suxeitos illados. Xa que logo, o trascendental paso que hai que dar é o que nos leva do concreto-coxuntural ó marco estrutural que só se define na longa duración, única na que as tendencias de cambio e adaptación son perceptibles.

Do mesmo xeito, á hora de falar con propiedade de innovadores, hai que marcar unha grossa liña de separación entre estes e os representantes da agricultura letrada, os *agrónomos de salón* que escriben en xornais e revistas tendo como norte das súas reflexións a dinámica agrícola pero que só moi raramente unen a esta cualidade a de



propietarios directamente implicados no cultivo e a súa mellora. De feito, o grande obstáculo que as propostas emprendedoras teñen sempre que superar é precisamente a desconexión entre as brillantes concepcións teóricas e a máis prosaica realidade dos produtores, entre o que é a *técnica* -ás veces abstracta e case intemporal- e a *práctica* delimitada espacial e temporalmente (Landais & Deffontaines, 1988: 128-130; Ruttan, 1996). Calquera conexión automática entre a teoría da innovación e a práctica dos campos na que se estableza unha relación simple da primeira coa segunda ou na que se presupóna unha práctica emprendedora en función da existencia dunha literatura propicia á innovación sen matiza-los termos e sen defini-los camiños e os axentes da conexión, é xa que logo pouco máis que unha *boutade* teórica que a análise empírica rapidamente se encargaría de desmentir.

Todo o ata aquí suliñado coído ten deixado claro o difícil que é delimitar e encher de contido preciso a categoría innovación. Como se constata doadamente, trátase dun fenómeno de enorme complexidade que abrangue múltiples elementos e que dificilmente se deixa definir a partir de pautas simples: o réxime de propiedade dominante, as formas de cesión do terrazgo, a estrutura parcelaria, a intensificación dos cultivos, o seu grao de comercialización, as dispoñibilidades de financiamento, as posibilidades ecolóxico-productivas dos terreos ...son factores a considerar, mais tamén outros de índole social (grao de alfabetización e acceso á información, presenza de propietarios ilustrados ben integrados na comunidade, artellamento social do campesiñado en base a fórmulas cooperativas e asociativas ...), política (existencia de programas estatais favorecedores da innovación, dispoñibilidade de recursos que adicar ó eido da experimentación, difusión e educación, posibilidades de actuación real cos técnicos axeitados ...) e mesmo estratéxica (en función da modalidade de integración, máis ou menos central, máis ou menos periférica, da agricultura que estemos tratando no marco do mercado mundializado que define o capitalismo de modo crecente desde comezos do XIX). Semella evidente, en virtude de tamaño constelación de puntos a ter en conta, que é inútil falar do innovador agrario ou da innovación en abstracto buscando o establecemento dun *tipo ideal* de inspiración weberiana; pola contra, só o contexto de referencia será o que determine as posibilidades/atrancos de calquera proceso de innovación e só a partires del deben de valorarse as iniciativas neste sentido: falar de

espírito de aventura ou amor ó risco como características mentais explicativas dunha actividade emprendedora serve de moi pouco, por non dicir de nada. Só a ecuación posibilidades do medio-actuación práctica nos dará a chave explicativa.

Para rematar con esta xa demasiado prolixa introducción, unha curta reflexión final. Nos últimos anos estamos a asistir a un auténtico proceso de “busca e captura” por parte dos historiadores de exemplos de propietarios con actuacións que poden recibirlo apelativo de *empendedoras*<sup>7</sup>, pero sen que exista unha mínima unidade entre eles na presentación de criterios á hora de defini-los límites (por elásticos que sexan) que enmarcan esta actividade, dando a impresión de esforzos demasiado illados e ensimismados en cada caso particular. Córrese ademais o risco de ensalzar en exceso o que pode ser só unha excepción e confundila -intencionadamente ou non- coa práctica cotiá, non establecéndose con precisión a sempre tensionada relación entre o particular e o xeral e esquecendo o obxectivo final de toda investigación histórica que se precie como tal: a dimensión social que debe presidila buscando a explicación non de casos excepcionais senón a comprensión da vitalidade da sociedade no seu conxunto (ou, máis a miúdo por máis realista, de partes significativas dese conxunto)<sup>8</sup>. De pouco serve o coñecemento das prácticas dun innovador se o que sabemos da actividade do resto dos grupos agrarios permanece entre lusco e fusco, aínda que peor sería querer definir esa colectividade a partires do exemplo do illado emprendedor. O perigo da xeralización abusiva a partires de casos excepcionais é evidente neste tipo de traballos que recorren ó individuo singular para constata-la práctica real da innovación, mais en todo momento débese ter en conta que tais investigacións son simples puntos de partida, fitos que marcan tendencias quizais aínda non visibles no conxunto da colectividade; en definitiva, roteiros que insinúan unha dirección e un camiño pero que en absoluto permiten caracteriza-la chegada.

Unha última prevención deriva da necesidade de ir alén dunha simple valoración económica das actitudes e prácticas emprendedoras, xa que iso suporía caer no erro do

---

<sup>7</sup> Heran (1980) con Ignacio Vázquez; Díez Rodríguez (1980) coa duquesa de Alba; Martínez López (1993) cos Rosales; De la Torre (1993) co marqués de Besolla; Calatayud, Millán, Romeo (1996) co conde de Ripalda ...

<sup>8</sup> Como di R. Romanelli na súa introducción a Banti (1989a: XV): “*Gli sforzi dei singolo, i loro eventuali successi, acquistano un significato solo se riescono a imporsi fino a coinvolgere il gruppo sociale dominante*”.

*homo economicus* de raigame shumpeteriana que se move en exclusiva por criterios de racionalidade productiva, busca do beneficio e impulso empresarial. Pola contra, a innovación agacha -como xa temos sulñado- compoñentes tamén sociais, políticos e culturais que moitas veces poden ter maior virtualidade explicativa que os propiamente económicos á hora de marca-los criterios de por que e con que obxectivos se impulsa unha práctica agraria innovadora: por exemplo, no contexto da crise agraria de finais do XIX o interese governamental por impulsar políticas agrícolas non se define só por vectores que buscan unha maior competitividade das producións nativas, senón tamén como válvula de freo ás tensións sociais que a coxuntura finisecular estaba a propiciar no campo (Villares & Fernández Prieto, 1992: 98); do mesmo xeito, obvian-las consecuencias sociais en forma de desposesión, proletarización, desarraigo, emigración ...que moitas prácticas innovadoras levan aparelladas suporía deixar fóra de xogo ó 90 ou 95% dos habitantes do agro, que así non só serían os *historicamente* prexudicados senón tamén os *historiograficamente* esquecidos. E é que a innovación nunca se presenta neutra nos seus resultados.

## **2. Na busca do propietario “perfecto”.**

Vimos de ver como non resulta nada simple defini-lo que é un propietario innovador. Cada un dos termos da relación implica multitude de aspectos que complican o tema e obrigan a andar con pés de chumbo a fin de evitar imprecisións conceptuais e de contido. De feito, serán só as características estruturais que definen cada agricultura as que nos permitan delimitar con maior claridade estas cuestións.

É ben coñecido que a saída da crise do Antigo Réxime vai adoptar no Estado español moi diferentes vías en relación coas especificidades que presentaban as múltiples agriculturas historicamente presentes nel (Ruiz Torres, 1996: 229). O resultado da “reforma agraria liberal” (Fontana, 1973) presenta así situacións moi variadas que indudablemente van a influír no desenvolvemento e evolución posterior de cada unha destas agriculturas, marcando as súas peculiaridades e condicionando desde o principio e desde a mesma base as posibilidades de progresión en sentido capitalista. Tendo como obxectivo final a consecución dunha propiedade burguesa plena, perfecta e

sen intromisión de dereitos alleos ós do titular (García Sanz, 1985: 20), tanto os camiños que levan a ela, como a tipoloxía dos beneficiados con esta nova propiedade purgada de resabios feudais e a súa mesma concreción burguesa non se presentan como unha realidade uniforme en todo o Estado, influíndo dun modo decisivo en cada caso a correlación de forzas sociais existente a finais do A.R. (Garrabou, 1984: 255). Así, e para toda a área castellana -entendida en sentido amplo-, andaluza e extremeña, o esquema tradicional da conversión dos antigos señores en modernos propietarios é o que marca a pauta, transición facilitada -entre outros elementos- pola xa antiga presenza do arrendamento curto como fórmula predominante de cesión da terra, polo que os titulares non se desprendían de ningún tipo de dereito sobre dela situándose nunha posición de privilexio para configurarse como os grandes beneficiados no proceso de transición ó capitalismo: perdían a xurisdicción mais gañaban a propiedade (Romero, 1983: 236; Robledo, 1984; Sánchez Marroyo, 1991; Díez Espinosa, 1991). Agás nalgúns casos concretos (Ortega, 1991; Forcadell, 1995), o campesiñado parcelario que traballaba como arrendatario ou xornaleiro non sacou proveito desta dinámica de propietarización, como tampouco o fará das posteriores desamortizacións favorables só ós antigos propietarios -entre eles tamén un campesiñado acomodado aínda pouco definido- e, sobre todo, a unha burguesía urbana que agora se integra no recién creado grupo dos propietarios *perfectos* (García Pérez, 1995; Castrillejo, 1993).

Pero isto é só unha versión da historia, xa que boa parte da área mediterránea (singularmente Cataluña e Valencia) e a zona noroeste do Estado (Galicia e, en menor medida, a Asturias máis occidental e o Bierzo) escapan por completo ás coordenadas anteriores en canto á definición do proceso de transición ó capitalismo. E de novo as formas de cesión do terrazgo presentes ó longo da Idade Moderna e, sobre todo, a correlación de forzas sociais implicadas na posesión da terra son as que marcan a pauta para comprender e definir esta outra vía de saída da reforma agraria liberal. En todos estes territorios é a figura dos *censos* a que regulamenta as relacións de produción vixentes no A.R. -dun xeito maioritario en Galicia e cunha presenza importante nos outros exemplos-, co seu correspondente corolario de titularidade dividida (útil e directo) que obriga a falar, mais que de propiedade, de dereitos de posesión sobre determinados bens: é o caso do foro galego, o *cens*, o *establiment* e a *rabassa morta*

cataláns e a *emfiteusi* valenciana<sup>9</sup> (Clavero, 1982, 1986; Peset, 1982; Sebastià & Piqueras, 1987). As peculiaridades destas fórmulas de cesión que implican a non unicidade da propiedade e que se presentan cunha roupaxe máis feudalizante que o arrendamento, farán que a transición á moderna propiedade burguesa teña resolucións diferentes ás vistas para a zona castellana, mais non simplemente pola caracterización xurídica do dominio repartido senón pola presenza de forzas sociais contrapostas que defenden os seus respectivos dereitos<sup>10</sup>.

O caso valenciano quizais sexa o que mellor exemplifique a problemática á que nos estamos a referir -ademais de se-lo máis estudiado e o que nos permitirá, na liña de Villares (1987), marca-las diferencias verbo do galego no ámbito da propietarización-. O Reino de Valencia a comezos do XIX presentaba unha situación no referente á estrutura da propiedade da terra certamente diversificada, na que se combinaban a propiedade plena (especialmente importante nas áreas de realengo) coa dividida en virtude da cesión enfitéutica, todo elo misturado cun señorío territorialmente moi feble que debe a maior parte das rendas que percibe ó exercicio de dereitos xurisdiccionais e unhas vilas dotadas de poderes concellís moi reivindicativos e celosos da súa autonomía. O panorama complétase coa importante penetración no agro de membros da burguesía comercial urbana -que comparten o dominio das terras cunha pequena nobreza recentemente titulada e un grupo variable na súa importancia de campesiños acomodados- os cales, ben como propietarios plenos nas zonas máis próximas ás cidades, ben máis xeralmente como donos do útil, apostan por dar unha orientación intensiva e comercial á produccion na que xoga un papel importante o cultivo en base a arrendamentos curtos así como o emprego de man de obra xornaleira. A transición aberta coa lexislación gaditana (Garrabou, 1986) vai a incidir de xeito directo no conxunto que vimos de definir e dun modo moi claro: a combinación entre uns señoríos de base xurisdiccional prexudicados polos decretos abolicionistas de 1811, uns enfitéutas poderosos economicamente, ben asentados nos seus dereitos do útil, moi interesados na propiedade plena como factor importante no camiño emprendido cara unha xestión cada vez máis capitalista da terra e con forte implantación nos órganos de

<sup>9</sup> Ós que se podería engadi-lo *treudo* aragonés e o *alodio* mallorquí.

<sup>10</sup> Como di Peset (1982): “*No es una fórmula jurídica lo que matiza determinada solución, sino una fuerza social que asegura unos resultados favorables*” (p. 215).

gobierno locais e un campesiñado internamente moi polarizado, con abundancia de arrendatarios e xornaleiros sen dereitos dominiais sobre a terra, levará a un desenlace no que a propietarización vai a beneficiar con preferencia ós donos do útil, a esa oligarquía urbana que xunto á pequena nobreza e ós campesiños (enfiteutas) máis acomodados serán quen de protagonizar unha forte reacción antiseñorial que finalmente os convertirá, vía redención ou simple escurecemento do directo, en propietarios plenos (Ruiz Torres, 1981, 1984; Calatayud, 1989; Romero González, 1983; Garrabou, 1984, 1985: 131-137; Gil Olcina, 1988; Calatayud & Millán, 1992, 1994).

Como vemos, a combinación de factores relativos ás formas de cesión do terrazgo e as súas implicacións no referente á propiedade (cesión enfiteútica dos grandes señores fronte a arrendamentos que non conlevan deixación de dereitos dominiais polos enfiteutas intermediarios, xunto á existencia de terras alodiais), ó grao de intervención dos arrendadores no proceso productivo (orientación intensiva dos cultivos, comercialización) que os fai especialmente sensibles ás posibilidades de acada-la propiedade plena que se abren desde comezos do XIX e á diferente forteza relativa - económica, política e social- de cada un dos colectivos implicados na loita pola terra (destacando a dos enfiteutas urbáns, que controlan politicamente as cidades e mesmo fan oír-la súa voz en Cádiz, ó tempo que son quen de monopolizar e dirixir socialmente a loita antiseñorial, fronte a uns señores atacados na súa xurisdicción e un campesiñado sen dereitos históricos sobre as terras), configuran un modelo<sup>11</sup> ben diferente da *vía prusiana* con conversión dos vellos señores en novos propietarios. Mais tamén, e isto soe destacarse menos, da *vía campesiña* definida para Francia, desde o momento que a grande maioría do conxunto de arrendatarios, aparceiros e xornaleiros -moi abundantes no agro valenciano- non se viron favorecidos co acceso á propiedade, aturando unha situación de semi-proletarización os que lograron acceder a unha pequena parcela e mesmo véndose afectados outros por episodios de desposesión<sup>12</sup>. É a outra cara do proceso de propietarización valenciano que non se debe de esquecer (Millán & Calatayud, 1992: 327-328; Calatayud & Millán, 1994: 32; Ruiz Torres, 1981: 397-398).

<sup>11</sup> Que, con matizacións, podería tamén extenderse a Cataluña: Fontana (1988), Balcells (1983: 17-22), Tribó Travería (1992).

<sup>12</sup> Que arranca xa dos séculos modernos: Ruiz Torres (1981, 1989), Millán (1984), Calatayud & Millán (1994: 28). As diferencias co ocorrido no caso galego, especialmente logo de 1763, son evidentes.

Como moi ben resume Ruiz Torres: *“La revolución había sustituido a los señores por los propietarios, al señorío por el capital, pero no había resuelto el problema agrario de los numerosos campesinos sin tierra o con muy pocas”* (1981: 402).

Se agora centrámo-la nosa atención no caso galego, rapidamente constátanse certas similitudes verbo do valenciano -en especial a preponderancia do foro, asimilable á enfiteuse do País Valenciano- mais as diverxencias resultan así mesmo evidentes: fronte á importancia decadente do señorío laico levantino, a forteza do monacato galaico; fronte ó semi-monopolio do foro, a relativamente abundosa presenza da propiedade alodial en Valencia; fronte á destacada penetración de grupos urbáns no agro valenciano xa no A.R., a escasa presenza que se detecta en Galicia ...Pero a principal diferenza apunta á caracterización dos grupos sociais implicados nas relacións agrarias: en Galicia, e como deformadas copias dos *útiles* valencianos intermediarios entre o directo e o campesiño parcelario, interesados no cultivo e cun comportamento coherentemente capitalista que impulsa unha agricultura cada vez máis intensificada e mercantilizada baixo a cesión en arrendamentos curtos, sitúase a fidalguía -tamén intermediaria- cun comportamento basicamente rendista, progresivamente alonxada da produción e que, ademais, non arrenda senón que subfora, con todo o que iso supón en canto á perda do seu dereito útil sobre a terra que a longa posesión do campesiñado foreiro -único responsable da dirección das explotacións- non fai senón acentuar<sup>13</sup>. E na forteza relativa do campesiñado hai que situar outra das liñas de separación entre a evolución galega e a valenciana. O foreiro galego vaise a presentar na alborada da reforma agraria liberal cunha posición respecto da terra firmemente establecida logo da Pragmática de 1763, que lle garantía a continuidade indefinida no cultivo das terras que historicamente viña traballando (Barreiro Mallón, 1972; Barreiro Fernández, 1985; Villares, 1989).

Xa que logo, e en contraste co proceso de desposesión a que se viu sometido o campesiñado valenciano ó longo do século XVIII -que xa constatamos unhas liñas máis atrás-, o seu homónimo galego presenta -sempre falando en termos xerais- unha situación máis levadeira cuns dereitos de usufructo amplos e non contestados, privilexio

---

<sup>13</sup> A referencia obrigada nestes temas é Villares (1982a, 1982b). Tamén as reflexións de Carmona Badía (1990: 9-55).

que lle outorga unha boa base de defensa para enfrontarse cos cambios revolucionarios iniciados en Cádiz e continuados nos anos posteriores. Estamos en presenza da forteza histórica da *pagesia* galega que tanto teñen destacado varios autores (Villares, 1985: 12; 1989: 427; Velasco Souto, 1993; Fernández Prieto, 1994a: 13). Certamente que o foreiro galego non logrará acceder á propiedade plena das leiras que traballa ata logo do impacto da crise finisecular -pretender outra cousa sería utópico desde o momento que os liberais do XIX en ningún momento se plantexaron como obxectivo unha *campesinización* da propiedade (Ruiz Torres, 1996: 237)-, pero o simple feito de manterse como cultivadores sen padece-los procesos de usurpación, desposesión e deshucio que si sufriron os seus compañeiros de clase en boa parte do Estado, fala ben ás claras da posición central que ocupaban na resolución de calquera problema relacionado coa fixación dos dereitos de propiedade no agro galego.

Esta situación relativa de cada un dos grupos interesados na estrutura da propiedade da Galicia de comezos do XIX é a que explica a vía de saída que no país vai adoptar-la crise do A.R., tan diferente da castellana como da valenciana xa repasada. No País Valenciano viamos uns enfiteutas que gozaban plenamente dos seus dereitos sobre o útil enfrontados a un señorío con forte carga xurisdiccional, e que lograban aproveitar as posibilidades de redención que se lles presentaron para converterse en propietarios burgueses deixando ós campesiños non propietarios na mesma situación que padecían na época moderna: sen terras propias e sen ningunha prerrogativa firme sobre o seu cultivo. Como é ben coñecido, a solución en Galicia será diferente: a fidalguía non logrará acceder á propiedade plena e converterse nunha nova clase propietaria burguesa, e isto en función tanto desa firme posición dos cultivadores ós que a propia lexislación -mais por omisión que por promulgación positiva desde 1763- reconece o dereito ó cultivo e protexe de calquera alteración nas relacións contractuais<sup>14</sup>, como polas propias eivas que presenta o grupo fidalgo en canto á súa posible conversión en burguesía agraria: dominio non pleno pola cesión foral, dereito do útil (no caso da fidalguía intermediaria) fortemente condicionado polo longo -e amplo- usufructo dos subforeiros, problemas de capitalización, absoluto alonxamento e desinterese do cultivo ..., en

---

<sup>14</sup> No proceso desamortizador iniciado con Mendizábal, a Real orde de 10-IV-1836 garantía a continuidade nas terras dos seus actuais cultivadores sen ningún tipo de alteración: Vallejo Pousada (1991: 102).



poucas palabras, unha mentalidade rendista -evidentemente condicionada polas circunstancias xa referidas- máis debedora do A.R. que con proxección no porvir.

O proceso desamortizador non fai senón confirmar estas tendencias, cuns fidalgos que a penas se participan nas redencións e subastas tanto por incapacidade financeira como polo desinterese de facerse cun dominio simplemente directo -os labregos non podían ser cuestionados nos seus dereitos sobre o cultivo- que na maioría dos casos eran os propios cultivadores subforeiros quenes cumprimentaban co pago da renda correspondente. Simplemente a fidalguía -tanto a que detentaba o dominio directo e cedera en foro as terras como a que tiña subforado as propiedades recibidas dos mosteiros- non podía converterse en propietaria perfecta, véndose obrigada a continuar -probablemente moi ó seu gosto- no seu histórico papel rendista. Non moi diferentes son as opcións para o campesiñado foreiro, a única clase de todas cantan conformaban a sociedade galega con interese inmediato no cultivo: só no caso de detentar directamente o dominio útil por cesión dalgún mosteiro podía redimir -de ser un simple subforeiro a lei negáballe esa posibilidade-, mais as trabas legais que unha lexislación favorable ás subastas como método máis rápido e axeitado ós intereses das clases dominantes opuxo á redención, xunto ás súas limitadas posibilidades de financiamento, trincou esta posibilidade<sup>15</sup> (Villares, 1994; Vallejo Pousada, 1993, 1995; Cordero Torrón, 1986).

A situación de chegada da reforma liberal iniciada en Cádiz é a que mellor define, e resume, a separación entre o caso valenciano e o galego no ámbito da creación de propietarios modernos que agora nos interesa. Se no Levante os grupos que detentaban o dominio útil -burguesía urbana, pequena nobreza, campesiñado acomodado- accederon á propiedade, nada disto ocorreu en Galicia. O resultado do cúmulo de medidas reformadoras só serviu para crear un novo colectivo de propietarios do directo -os grupos participantes nas desamortizacións, singularmente a burguesía urbana- en substitución da titularidade que exercían os vellos mosteiros pero con idéntico protagonismo da renda, para asegura-la posición tradicional da fidalguía así mesmo rendista (sexa como intermediaria entre os cultivadores e os novos propietarios do directo, sexa como perceptora de rendas na súa calidade de titular foral), que vía

como o foro saía reforzado e purgado de toda ganga feudal ó integrarse no novo ordenamento xurídico burgués case con carácter de relación contractual e, por último, manter ós foreiros na súa secular posición de cultivadores -agás os que lograron, vía redención ou compra de rendas, acceder á propiedade plena, cuantitativamente moi poucos<sup>16</sup>-. En todo este amplo mosaico social tecido arredor da terra, ¿onde están os propietarios? ¿Que clase de tódalas integradas no mundo agrario galego podemos considerar, en termos estruturais e de grupo social, como a propietaria? Falando estrictamente, ningunha. A diferenza do ocorrido no exemplo valenciano, a reforma agraria liberal non creara en Galicia o perseguido e agardado propietario burgués<sup>17</sup> (Villares, 1982a: 12; Fernández Prieto, 1994a: 9; 1994b: 40, 49; Villares & Fernández Prieto, 1992: 95). Este *escuro obxecto de desexo* que unanimemente se consideraba no XIX como o suxeito por excelencia da innovación agrícola era particularmente escaso no país. En consecuencia, e se partimos da premisa de que a plena disposición dos medios de produción é condición necesaria -aínda que non suficiente<sup>18</sup> - para iniciar e

---

<sup>15</sup> Que só se efectivizará na etapa de Madoz, cando o groso dos patrimonios eclesiásticos -tan importantes en Galicia- xa foran subastados e a burguesía accedido á condición de nova propietaria do directo: Artiaga (1984, 1991).

<sup>16</sup> Así o sulíanan, para a desamortización de Mendizábal, a totalidade dos autores que se teñen ocupado dela: Villares (1994: 161, 187), Vallejo Pousada (1991: 104, 108, 112), Cordero Torrón (1986: 199-200). Na de Madoz a participación campesiña é maior, mais o seu impacto en canto á transformación da estrutura da propiedade é escaso: Artiaga (1991: 21). A súa importancia é máis cualitativa que cuantitativa, ó demostrarse a posibilidade da redención e a consecución da propiedade plena en mans labregas.

<sup>17</sup> Evidentemente, non estamos a nega-la existencia de propiedade plena na Galicia do XIX, pero si que a súa presenza sexa a dominante. Ó longo de toda a centuria será a propiedade dividida en razón da relación foral a que continúe a marca-la pauta, polo que falar de propietarios na acepción burguesa da palabra é cando menos unha lixeireza: a pervivencia de tódolos foros particulares (que non foron afectados polas desamortizacións, que se viron confirmados pola lexislación e que non sufriron o impacto de ningunha lei de redención agás os escasos seis meses da de 1873) e a continuidade das cesións forais históricas feitas polos mosteiros que agora seguen cunha simple variación no titular da renda debida ó directo, avalan a idea sobre o inapropiado que resulta falar de propietarios. Investigacións sobre áreas concretas e con características específicas (as de Domínguez, Basalo e Losada, xa citadas, para a zona do Ribeiro) introducen matizacións a estos plantexamentos rexistrando un maior grao de propietarización pola viabilidade da saída redencionista desde o inicio do proceso desamortizador, mais non parece que esta situación se confirme para outras zonas do país. Maior impacto podería té-la hipótese lanzada polo profesor López Taboada (1992) sobre a xeralizada substitución do foro polo arrendo en toda a zona costeira no decurso do XIX, mais coído que a confirmación empírica desta afirmación aínda está por chegar.

<sup>18</sup> Evidentemente, a plena disposición é só unha das premisas que inciden na posta en marcha dunha actividade agraria emprendedora, xa que o conxunto de factores que se poñen en xogo son moitos máis, e non só de carácter económico senón tamén político, social, cultural e mesmo psicolóxico: características ecolóxico-productivas dos terreos, parcelación, posibilidades de especialización, intensificación e mercantilización da produción, grao de capitalización, apoios institucionais, *resistencias* da agricultura tradicional, alfabetización, acceso á información, situación relativa no mercado mundial ...

desenvolver un proceso continuado de innovación agraria capitalista (Ringrose, 1996: 64; Hobsbawm, 1996: 46; Boserup, 1967: 21), non parece que a situación que presentaba a Galicia do XIX en canto ó grao de propietarización fose a mellor. Decerto, non é unha simple casualidade que cando o campesiñado galego accede á propiedade plena desde finais do 1800 -configurándose por fin como unha verdadeira clase propietaria-, se inicie co seu protagonismo un acusado proceso de renovación productiva (Fernández Prieto, 1992).

### **3. A apelación ós “propietarios” como suxeitos (inexistentes) da innovación.**

Fixada a posición estrutural da Galicia que sae da reforma agraria liberal cunha cando menos problemática definición da clase propietaria do país, atopámonos porén que as fontes da época (repartementos da contribución, padróns de poboación, xornais, revistas) si aluden constantemente a “propietarios” que, dacordo coa análise das páxinas precedentes, debemos de identificar máis propiamente como os titulares do dominio directo dentro da maioritaria relación foral -fidalgos tradicionais e burguesía compradora de bens nacionais-, desde o momento que os campesiños xeralmente recóllense baixo a categoría de “labradores”. En función disto, e á hora de definir con precisión o suxeito da innovación ó que apelan -agora o veremos- dun modo constante os representantes da *agricultura letrada*, os *agrónomos de salón*<sup>19</sup> que actúan a modo de conciencia teórica postuladora dunha actividade agraria emprendedora e innovadora, é claro que se están a dirixir a este grupo rendista absolutamente alonxado da produción, sen que en ningún momento o campesiñado parcelario apareza como posible receptor das súas mensaxes.

---

<sup>19</sup> A figura do teórico que reflexiona sobre a problemática agrícola e engade a isto unha práctica de cultivo e experimentación que serve de apoio e ratificación dos postulados formulados, e que en Europa representan ilustres exemplos como Jethro Tull, Young, Ricasoli, Ridolfi, Dombasle, Lecouteux, Parmentier, Duhamel, Rieffel, Thaer, Schwerz, Shubart ou os escoceses de que nos fala Hobsbawm (1996), non se prodiga en Galicia. O grupo que de xeito máis homoxéneo e con criterio máis unitario analiza a problemática agraria galega vinculado coa *Revista Económica* de Santiago, en absoluto resposta nos seus membros a unha caracterización como propietarios experimentadores en contacto directo co cultivo.

Desde que Colmeiro no seu coñecido ensaio de 1843<sup>20</sup> lanzase unha auténtica cántiga á misión histórica dos propietarios calificándoos como a “*clase designada por la Providencia para abrir la senda del progreso en la agricultura, para señalársela al bracero, al colono y al propietario pobre y para lanzarse con atrevimiento en la carrera de las mejoras, no ya por caminos trillados y seguros, sino por los escabrosos y arriesgados senderos del ensayo y la experimentación*” (p. 37), a concienciación en canto a este papel director asignado ós *propietarios* galegos é unha constante nos escritos agrarios do XIX (Fernández Prieto, 1992: 77-83). Homes como Varela de Montes<sup>21</sup> ou o conde de S. Juan<sup>22</sup>, colaboradores habituais da santiaguesa *Revista Económica*, en medio dunha preocupación esencial pola defensa do dereito de propiedade en tódalas súas formas que ven ameazado a partir do “*atrevido aforismo de <<la propiedad es el robo>>*” e facendo gala dun acusado ruralismo antiurbano que os leva a presentar unha visión idílica do agro como cerne de paz social e virtudes cívicas, aínda tiñan tempo para reclama-la volta dos propietarios ó campo e así iluminar co seu exemplo as rudas prácticas dos labregos, actuando ademais como transmisores da “*electricidad de las clases manufactureras al labrador (llevando) al campo la civilización y sus progresos en cuanto son adaptables a la naturaleza y condiciones de la población rural*”. Nun ton moi similar, pero cunha análise da situación agrícola galega moito máis profunda, móvese A. de Valenzuela Ozores<sup>23</sup>, con seguridade un dos máis agudos e interesantes pensadores agrarios da Galicia decimonónica. Partindo dunha confianza cega nas posibilidades da técnica moderna e dos avances agronómicos común á práctica totalidade dos agraristas europeos do XIX (Saltini, 1989), sitúa as necesidades agrícolas do país no contexto dunha economía mundial cada vez máis integrada por efecto do avance das comunicacións, suliñando a necesidade da especialización como único medio de garanti-la competitividade dentro das novas condicións. Por suposto, o axente encargado de impulsa-los cambios necesarios será o

---

<sup>20</sup> M. Colmeiro, *Memoria sobre el modo más acertado de remediar los males inherentes a la extremada división de la propiedad territorial en Galicia*, Santiago de Compostela, 1843. Villares (1982: 259) valóraa como a primeira obra que suliña con claridade as trabas que dificultaban o desenvolvemento da agricultura galega. Ver tamén, Cordero Torrón (1989).

<sup>21</sup> J. Varela de Montes, “Influencia social de la agricultura”, *Revista Económica*, nº 49, 15-XI-1862, pp. 6-10; ídem, II, nº 51, 15-XII-1862, pp. 41-46.

<sup>22</sup> Conde de San Juan, “Sobre la propiedad, II”, *Revista Económica*, nº 18, 30-IV-1860, pp. 273-276.

<sup>23</sup> Antonio de Valenzuela Ozores, *Memoria agronómica o consideraciones sobre el mejoramiento forestal, prático y pecuario de la provincia de Pontevedra*, Pontevedra, 1865.

grupo dos propietarios ilustrados ós que esixe se poñan á fronte das súas explotacións, e a eles dirixe explicitamente o seu traballo. Só este colectivo, en base ós seus coñecementos, ilustración e posibilidades de financiamento pode protagoniza-la renovación nos cultivos que Valenzuela reclama, servindo a súa actividade experimentadora e innovadora de estímulo para o conxunto dos cultivadores: “*Sólamente con el ejemplo y la comparación, que permite apreciar las ventajas evidentes de un nuevo método, es como penetra su aplicación en las clases ignorantes ...*” (p. 255). O papel que Valenzuela reserva para a administración estatal nas súas reflexións é claramente secundario, debendo de limitarse -moi na liña da mínima intervención estatal na regulamentación da economía- a suprimir todo tipo de atrancos legislativos á actividade dos axentes económicos, ó fomento da educación e a garanti-lo pleno disfrute dos beneficios obtidos polo traballo (pp. 256-7). Se seguimos avanzando no tempo e nos situamos nos inicios da crise finisecular -que introducirá cambios trascendentais na definición do suxeito da mellora, como logo veremos-, a situación non ten variado moito: un anónimo redactor do xornal *Diario de Lugo*<sup>24</sup> seguía a insistir na absoluta necesidade de que os *propietarios* abandoasen o seu absentismo rendista para ocuparse de novo<sup>25</sup> do cultivo, remarcando con precisión que a súa función debería se-la experimentación e o ensaio que convencesse ó común dos cultivadores das bondades dos novos preceptos agronómicos.

Que os pensadores agrarios da Galicia decimonónica se dirixisen ós *propietarios* reclamando deles unha actividade emprendedora non ten en absoluto porque resultarnos estraño, xa que se trata dunha apelación absolutamente coherente cos plantexamentos do pensamento capitalista-burgués imperante. A deificación da propiedade privada que acadara no XIX a súa máxima expresión, ata o punto de considerala como a chegada ideal dun proceso histórico que se fai arrancar da noite dos tempos e de presentala como dotada dun valor absoluto no plano non só económico senón ético-social (Grossi 1986:

---

<sup>24</sup> “Causas principales del actual atraso de Galicia”, *Diario de Lugo*, nº 1510, 22-X-1881.

<sup>25</sup> Era unha teima dabondo xeral da literatura agrícola da época facer referencia a uns idílicos tempos pasados nos que propietarios e cultivadores compartirían, en pacífica e productiva relación, a residencia nos campos e o interese polos cultivos. Un exemplo, en José Pardo Bazán, “Economía rural. Propietarios y Administradores”, *Revista de Galicia*, nº 2, 15-VI-1850.

21-23), e que ten en Galicia afervoados propagandistas<sup>26</sup>, precisaba para cumprir-la súa misión histórica dunha canle axeitada que só podía se-lo propietario burgués. Asemade, o paradigma do propietario (ou mellor aínda, do grande propietario) como cerne do progreso agrícola tiña unha longa e respectable tradición sancionada polo éxito da agricultura por excelencia, a inglesa. A figura do *landlord* emprendedor representada por Tull ou Young fora adaptada ó continente polos fisiócratas franceses<sup>27</sup>, idea que se traspasa á Ilustración española (Argemi, 1988: 33) de onde a reciben os pensadores liberais do XIX (Robledo, 1993: 57). Que os seus homónimos galegos confiasen igualmente na actividade dos propietarios demostra a plena asunción dun ideario que era o predominante no momento, mais asimilación acrítica por canto ese propietario non existía en Galicia.

Mais as cousas tampouco son tan simples. O investigador actual non pode deixar de sentir como propio o desacougo que afectaría ós pensadores da realidade agraria galega situados nunha encrucillada non doada de superar. Por un lado, asumen a teoría do *propietario innovador*, mais polo outro decátanse das enormes limitacións que en canto a suxeitos da innovación presentan os peculiares propietarios galegos. E así, os mesmos que lles reclaman a volta ó agro e unha práctica dinámica e emprendedora, enfatizan a súa escasa confianza sobre os resultados da apelación. Deste xeito, vemos ó mesmo Colmeiro<sup>28</sup> recoñecendo a oposición social que poden esperta-los seus proxectos sobre todo porque obrigarían ós propietarios a saír das “*delicias de su ocio regalado*”, co que o ilustre avogado está a identificar un dos atrancos que ó seu chamamento ós propietarios presenta a definición da estrutura da propiedade galega, xeradora dun grupo rendista desinteresado por completo no cultivo. Similar desesperanza traducía o conde de San Juan<sup>29</sup> cando como colofón ó seu discurso recoñecía que o propietario por el reclamado non existía -cando menos polo de agora- en Galicia. Compañeiros seus na *Revista Económica* ratificaban, cada un na súa parcela de interese e respostando a motivacións moi variadas e mesmo contrapostas, a mesma impresión xeral de que os

<sup>26</sup> Julian Obaya, “Economía Política”, *Revista Económica*, nº 25, 15-XI-1861, pp. 5-12 ou Conde de San Juan, “Sobre la propiedad”, *Revista Económica*, nº17, 20-IV-1860, pp. 257-260, son só dous exemplos dos moitos que poderían citarse.

<sup>27</sup> Duhamel du Monceau, *Elementos teórico-prácticos de agricultura*, Madrid, 1813, p. IX (orixinal francés de 1754).

<sup>28</sup> Manuel Colmeiro, cit., p. 66.

*propietarios* do país non eran quen de asumir a misión que se lles encomendara. J. Gil, nunha serie de artigos adicados á defensa do sistema foral e dominados por un obsesivo temor ó escurecemento dos dereitos do dominio directo, identificaba con claridade o que era a principal, e case única, preocupación dos *propietarios*: a percepción da pensión estipulada, “*sin intervenir en nada más*”<sup>30</sup>. F. Casares ía moito máis aló nas súas apreciacións e non dubidaba en afirmar que “*La clase más indolente en general es la de los propietarios, y deberían de ser tratados con tanta más dureza cuanto más raras son las excepciones*”, para engadir que máis gañarían eles e o país se se ocupasen do cultivo e de dar un emprego productivo ós seus capitais, actualmente dilapidados no luxo, o xogo e a esquilmante usura<sup>31</sup>. As impresións de J. Sánchez Villamarín<sup>32</sup> ampliaban as perniciosas consecuencias do foro en canto ó desenvolvemento dun espírito rendista ó resto das formas de cesión, afirmando que os arrendatarios amosaban idéntico alonxamento da terra e dos seus problemas que os propietarios foreiros, demostrando así a forza mimética do sistema foral que remataba por influír ata en modos de explotación de ar máis capitalista.

Fóra do ámbito da *Económica*, e conforme avanzamos no século, a caracterización como grupo improdutivo en termos agrícolas e o recoñecemento tácito da incapacidade dos *propietarios* para propiciar cambio algún nas estruturas agrarias non fai senón afirmarse: Fernández del Prado<sup>33</sup> en 1862 criticaba a súa nula aportación ó desenvolvemento “*de las fuerzas productivas del país*”; no Congreso Agrícola de 1864, e dun xeito repetitivo, subraíase que a única aspiración do directo é continuar no cobro das rendas<sup>34</sup>, afírmase as súas limitacións para intervir nun cultivo que depende en exclusiva do útil<sup>35</sup> e, para deixar xa clara a súa imposibilidade de adaptación ó novo marco de relacións definido polo capitalismo e a total dependencia dunha economía de rendas, non se ten maior rubor en predicar a súa absoluta incapacidade para desenvolver

---

<sup>29</sup> Conde de San Juan, cit., p. 276.

<sup>30</sup> J. Gil, “Propiedad foral. Galicia”, *Revista Económica*, nº 4, 10-XII-1859, p. 53.

<sup>31</sup> F. Casares, “Espíritu de mejoras en Galicia”, *Revista Económica*, nº 25, 10-VII-1860, p. 387.

<sup>32</sup> J.S.V., “Sistemas de explotación de la riqueza agraria en Galicia, IV”, *Revista Económica*, t. II, 1861, pp. 165-167.

<sup>33</sup> J. Fernández del Prado, *Dios salve a Galicia*, Vigo, 1862, p. 11.

<sup>34</sup> Cito pola edición prologada por R. Villares, *Congreso Agrícola Gallego de 1864*, Sada, Edicións do Castro, 1994: Poyán (p. 8), Do Porto (p. 50).

<sup>35</sup> Ídem: Muñoz (p. 68).

unha actividade productiva<sup>36</sup> e mesmo para dar un emprego que non sexa o xogo, os festíns ou as viaxes á indemnización dunha posible redención<sup>37</sup>. Mesmo un Valenzuela sempre confiado na iniciativa privada e que concedía ós *propietarios* a posesión dunha ilustración suficiente como para impulsa-lo progreso agrícola -que xa era concesión dabondo-, recoñecía que lles faltaba o *querer* e que tiñan deixado a sorte do cultivo nas mans da clase “*más pobre, ignorante y aislada*”...<sup>38</sup>

Se abandonamos a coxuntura dos anos medios do século e nos achegamos ás décadas finais conséctase doadamente que nada ten variado, e que as apelacións dirixidas á clase *propietaria* do país teñen caído en saco roto. De novo reitérase -se cadra con maior virulencia pero tamén con máis desesperación- a obstinada realidade do propietario desinteresado, mais agora relacionando a inexistencia de innovacións e innovadores coa pervivencia dun sistema foral cada vez máis atacado<sup>39</sup> e tamén cos cambios que a nivel social e económico se estaban a producir no país: a marcha da antiga oligarquía rural ás cidades, o desenvolvemento de formas de investimento diferentes á terra e a promoción á Administración e ás profesións liberais dos vástagos dos titulares de foros, todo elo co telón de fondo da crise finisecular<sup>40</sup>.

Recapitulando o dito ata aquí, vemos que o pensamento agrario galego decimonónico se está a mover en base a un razonamento contradictorio e circular que non atopa saída posible ó problema da innovación, xa que ó tempo que se identifica

<sup>36</sup> Ídem: Linares Rivas: “(...) *pero veo eso* (a posibilidade de que os propietarios do directo se adiquen á actividade comercial) *sumamente difícil, porque para ello es indispensable tener hábitos a propósito; una educación especial, que no se adquiere instantaneamente (...), y los que sin esa preparación se lanzan a las especulaciones indicadas, llevan más probabilidades de perder por su impericia el capital invertido, que no de hacerlo producir algunas utilidades*” (p. 48).

<sup>37</sup> Ídem: Muñoz (p. 69). Certamente que tais afirmacións facíanse nun contexto moi determinado e cun obxectivo ben definido de abortar calquera reforma no sistema foral, polo que tende a cargarse as tintas na dependencia rendista dos directos, mais non por iso deixan de reflexa-lo “*ocio regalado*” da súa vida de que falaba Colmeiro e a súa total desconexión de calquera actividade que tivese como norte a modificación das estruturas agrarias galegas.

<sup>38</sup> A. de Valenzuela Ozores, cit., pp. 253-254.

<sup>39</sup> Algo que xa se viña facendo de antigo, pero que agora se reforza como argumento na loita contra do foro. Ver, por exemplo, a conferencia de Antonio Magín Pla publicada en *Diario de Lugo*, nº 949, 30-XI-1879: “*Por desgracia en lo general, los propietarios de este país lo son solamente del dominio directo y como perciben en virtud del foro la renta estipulada en grano, son indiferentes al fomento de la agricultura*” ou tamén, “Informe de la Comisión mixta de la Excma. Diputación Provincial y Sociedad Económica, referente a los medios prácticos de fomentar el arbolado y la industria pecuaria en la provincia de la Coruña”, *Revista Económica*, nº 46-47, 31-XII-1885, pp. 416-417, sinalando que a percepción dun censo “*fijo en cuanto al valor*” retraía totalmente ó propietario directo do cultivo.

<sup>40</sup> César Ordax Avecilla, *Memoria referente a la provincia de Lugo*, Lugo, 1888, p. 146.



teoricamente ó suxeito encargado de propiciála, recoñécense na práctica as súas limitacións que o invalidan para o cometido asignado: unha e outra vez as propostas quedan sen aplicación porque falla a definición do receptor, porque se está apelando ó *propietario ficticio* de que fala Fernández Prieto (1994b: 49)<sup>41</sup>. Só a crise finisecular, co rosario de cambios que trae aparellados pola necesidade de reaxusta-las producións ás novas condicións impostas pola competencia internacional (Garrabou, 1988), provocará a reasignación do suxeito da innovación que, en Galicia, non podía ser outro que o campesiño cultivador, cada vez máis propietario mercede ás redencións forais (Villares & Fernández Prieto, 1992: 95-96). Pero ata que isto se produce, e en medio dun auténtico ermo no que se refire a iniciativas da sociedade civil a prol da innovación “secundadas” pola incapacidade governamental para ir máis aló dunha estéril actividade lexislativa no referente á promoción agraria (Fernández Prieto, 1992: 59-71), o papel que a *intelligentsia* agraria galega concede ó campesiño parcelario é totalmente secundario. E aquí se define o segundo actor da encrucillada de que falabamos máis atrás como característica dos representantes da agricultura teórica. Case obrigados por contexto, tradición e sentemento de clase a confiar no papel dinamizador dun grupo rendista que presentan como propietario, mais ó tempo conscentes da propia falacia do seu argumento e das súas enormes limitacións na aplicación práctica, son incapaces de atopar unha alternativa ó *propietario ficticio* que conceda protagonismo ó cultivador, desde o momento que as consideracións verbo do campesiñado móvense sempre dentro

---

<sup>41</sup> O cal non quere dicir, en modo algún, que o comportamento dos directos ós que a agricultura letrada apelaba deba de ser definido como *irracional* ou *inconsecuente* por desatender este chamamento. De feito, a súa aposta rendista -histórica no caso da fidalguía e asumida pola burguesía na desamortización de Mendizábal- baseada na simple recepción pasiva dos excedentes agrarios e a súa posterior comercialización, que combinaban coa percepción doutros ingresos procedentes do comercio, o exercicio de profesións liberais, a práctica crediticia e a participación na administración estatal, pode ser plenamente lóxica en función do contexto de referencia e das posibilidades que en canto a investimentos productivos ofrecía e, sobre todo, moi lucrativa desde o punto de vista do beneficio. Tanto Congost (1991: 80-86) como Domínguez Martín & Lanza García (1991: 179) sinalan o bo negocio que supuña na España do XIX a percepción dunha renda fixa en especie, gracias ás posibilidades abertas polas vendas especulativas e á limitada oferta da produción que impedía a saturación do mercado e as caídas de prezos. Desde este punto de vista, e a partir de conceptos como o da racionalidade limitada e o da diversificación de riscos en canto opción lóxica dentro de mercados caracterizados por unha compoñente elevada de incerteza que impide concentra-los investimentos nunha única actividade (Banti, 1989b), a compra de rendas forais pola burguesía galega -recorrendo ademais a uns títulos de débeda absolutamente devaluados- aparece cunha cor ben diferente, moito máis racional e capitalista do que ata agora se tiña considerado. Non esquezamos que a maximización dos beneficios -sexa co investimento que sexa- cos mínimos riscos é moito máis característica do comportamento burgués que non as inversións feitas sen ter un elevado compoñente de certidume en canto ó seu éxito (Banti, 1989a: 73-127)

de parámetros que o definen como ignorante, rotinario e refractario a toda innovación. É dicir, nas antípodas do estereotipo innovador<sup>42</sup>.

As alusións -porque en xeral non pasan disto- que nas fontes se fan a propietarios que efectivamente respostan ó chamamento dos teóricos e adoptan actitudes emprendedoras son mínimas. Nuns casos, e de modo explícito, califícanse de simples experiencias de afeizoados que adican o seu ocio ó ensaio de novos cultivos<sup>43</sup>; noutros, e aínda que sen expresalo con claridade, as iniciativas que se recollen semellan respostar a esta mesma calidade de experimentos *domésticos*<sup>44</sup>. Só algúns exemplos concretos poden relacionarse cunha actividade máis continuada e con obxectivos non tanto lúdicos como productivos: aquí incluíríamo-los donos de maquinaria ós que se refere o secretario da Xunta de Agricultura de Lugo en 1875<sup>45</sup>, con grandes dificultades para o seu uso pola reiterada negativa dos cultivadores a empregala, a determinados

---

<sup>42</sup> J. Planellas Giralt, “De lo que es en este suelo la agricultura, y de los obstáculos que deben ser removidos para que llegue a lo que debe ser”, *Revista Económica*, nº 1, 20-XI-1859, p. 21, resumía moi ben o que era un sentir dabondo xeralizado cando se refería ó campesiño como “*sumido en la más completa ignorancia*”, desdeñoso e ata burlento cos que se achegaban a el buscando convencelo do seu erro apelando á razón e á ciencia agronómica (“*si alguno pretende iluminarle con alguna explicación, le mirará con lástima, considerándole como viviendo en el error, o bien reputándole como un embaucador*”) e totalmente apegado á “*rutina, el empirismo, de que proceden mil prácticas absurdas, que se transmiten de padres a hijos como si fueran un precioso legado de bienes inestimables*”. Outros, máis fachendosos da súa ciencia e comodamente instalados nunha hipotética superioridade intelectual, solucionaban o tema califícanos de “*estúpidos apegados a viciosas prácticas*” (J.S.V., “La enseñanza agrícola en Francia”, *Revista Económica*, t. II, 1861, p. 243). O grao máximo de comprensión da lóxica campesiña por parte dos teóricos chegaba á identificación dos atrancos e as limitacións que os cultivadores tiñan para propiciar calquera actividade emprendedora (falla de medios, propiedade fragmentada), aínda así unha lóxica sempre valorada como de segunda categoría fronte á emanada da sabedoría oficial: “(os labregos) *ni se atreven, y con razón, a variar el método rutinario de cultivo, sin ver antes por sus propios ojos y convencerse prácticamente de las ventajas que puede traerles una innovación*” (A. Casares, “Abonos químicos, II”, *Revista Económica*, nº 13, 31-I-1883, pp. 99-100).

<sup>43</sup> J. Díaz de Rábago (*Obras completas*, t. I, Santiago de Compostela, 1899-1901) reférese a contados “*hacendados*” enteirados dos adiantos agronómicos que adican parte do seu tempo libre á mellora dos cultivos, pero máis como divertimento que coa mente posta na formación dunha explotación agraria capitalista (p. 99). Tamén o conde de Pallares, glosando a exposición lucense de 1867 (Museo Provincial de Lugo, fondo “La Exposición Agrícola y de Ganados, celebrada en Lugo. Octubre de 1867”), infórmanos de que o cultivo do sorgo e o alforfón son obxecto de ensaio “*por algunos aficionados*” (inclúese a el mesmo e ó marqués de Valladares).

<sup>44</sup> Preséntanse como iniciativas illadas, nunca integradas en outras máis amplas que permitan pensar nunha actividade emprendedora de maior consistencia. Por exemplo, as aportacións de Ramón Somoza Piñeiro coas forraxeiras (“*Ensayos sobre las plantas forrajeras*”, *Revista Económica*, nº 22, 10-VI-1860, pp. 341-343), as alusións ás experiencias con trigo sarracénico do lucense Manuel María Neira (Conde de Pallares, “La Exposición ...”, cit.) ou o ensaio con remolacha dun propietario de Becerreá (A. Magín Plá, *Diario de Lugo*, nº 949, 30-XI-1879).

<sup>45</sup> Antonio Ulloa, “Memoria formada por el ingeniero industrial, secretario de la Junta de Agricultura, Industria y Comercio de Lugo”, p. 328 (cito pola edición de Fausto Dopico, en *Revista galega de estudios agrarios*, 5, 1981).

colleitadores de viño con continuada presenza nalgunha das exposicións agrarias da segunda metade do XIX e cunha actividade cando menos próxima á dun *empresario agrícola*<sup>46</sup> e a iniciativas moi en relación co crecente artellamento asociativo que vive o rural galego desde finais do XIX, como a protagonizada pola Sociedade de Fomento Agrícola do Valadouro impulsada por emigrantes en Cuba que tentaban a posta en marcha dunha granxa-modelo no Val do Ouro en 1888<sup>47</sup>.

A impresión xeral que se saca deste repaso é a de pequenos oasis nun grande deserto desexoso de choiva en forma de propietarios emprendedores e interesados nalgo máis que na renda; son sempre iniciativas illadas, non coordinadas e moito menos encardinadas na propia realidade productiva galega, que teñen máis de experimentación de afeizoados que de prácticas que sexan quen de impulsar unha agricultura moderna en sentido capitalista. É totalmente lóxico que isto sexa así e que todo quede en intentonas particulares de moi escaso calado, desde o momento que as relacións de produción dominantes no conxunto da agricultura do país non facilitan a difusión de innovacións, ó tempo que non propician unha práctica agraria que permita o desenvolvemento das potencialidades productivas da pequena explotación parcelaria lastrada pola renda foral, a excesiva parcelación, a carencia de capitais e a dependencia do crédito informal (Meilán, 1996), a mínima demanda urbana, as deficientes comunicacións interiores e exteriores, a nula eficacia das iniciativas estatais, a crecente presión impositiva, as dificultades de comercialización e ata as posibilidades ecolóxicas duns terreos sempre excesivamente ácidos. Ademais, e para mellor valora-los escasos exemplos presentados, débese de ter moi en conta que unha cousa é o proceso de invención-adopción das prácticas novidosas e outro moi diferente o da difusión (Landais & Deffontaines, 1988; Ruttan, 1996): se no primeiro xogan factores que inclúen ata circunstancias persoais e mesmo subxectivas, no segundo as realidades estruturais -que faciliten/atranquen a extensión social das innovacións- son as que marcan a pauta. De

---

<sup>46</sup> Estou a referirme ó ourensán Miguel Labarta, asiduo a exposicións (atopámolo nas de Lugo de 1867, en que tamén concorre cunha mostra de guano peruano, e 1877, así como na nacional vinícola deste mesmo ano), e que é destacado polo secretario da Xunta de Agricultura de Ourense como un distinguido colleitador de viños (José Vázquez Moreiro, “Breve noticia sobre el estado actual de la agricultura y ganadería de la provincia de Orense”, p. 368. Cito pola edición de F. Dopico, cit.). As posibilidades do viño en canto produto doadamente comercializable xoga a prol desta presunta actividade emprendedora do citado Labarta. Sobre o tema, Domínguez (1992).

<sup>47</sup> César Ordax Avecilla, cit., p. 147. Ignoro se a iniciativa chegou a callar.

pouco nos serve a presenza dunha minoritaria elite emprendedora dotada de medios excepcionais se o conxunto da produción agraria está lastrada por condicionantes que impiden, dificultan ou retardan a adopción dos novos métodos e a súa popularización.

Non obstante o anterior, a pescuda historiográfica ten aínda moito que traballar no discernemento da importancia e extensión reais de prácticas do tipo das recollidas en relación coa realidade agraria. Así, sería interesante concretar moito máis a actividade dos “labradores” e “ricos” que Cardesín (1992a, 1992b) define para zonas da Terrachá e ós que outorga certa capacidade para integrarse con éxito dentro das novas condicións económicas que impón o Estado liberal, realizando estudos que puidesen determina-las posibilidades de extensión deste modelo a outras áreas; de modo máis xeral, hai que avanzar na concreción das diferenciacións internas dentro do campesiñado, desde o momento que o posicionamento en canto á innovación -ou simplemente cara unha práctica que xere beneficios- non é o mesmo entre un bodegueiro sen terras e un foreiro ben asentado nun dominio útil que pode incluír unha extensión considerable de terreo. Do mesmo xeito, identifica-la realidade dos labregos “*menos apegados a la rutina*” de que fala Valenzuela<sup>48</sup> e a dos protagonistas da actividade de comercialización agraria por excelencia da Galicia do XIX, a exportación de gando (Carmona, 1982; Carmona & Puente, 1988), sería un paso importante na caracterización da agricultura galega previa á crise de finais do XIX. Como ten demostrado Lois Domínguez, a relación entre vitalidade da produción e cultivos comercializables (o viño do Ribeiro) debe de ser considerada, ó igual que non habería que desbota-la posibilidade dun vencello entre o (feble) desenvolvemento urbán de certas cidades -Vigo, A Coruña ou Ferrol- na segunda metade do XIX e unha posible especialización hortícola para o seu abasto das explotacións agrarias do derredor, elemento este ben coñecido para outras agriculturas do Estado (Puente, 1992:341; Garrabou & Pujol, 1987: 48).

Recuperando o fío conductor do epígrafe e como conclusión ó mesmo, habería que insistir na falla de conexión entre as apelacións da agricultura letrada e ese propietario *ficticio* do que fala Fernández Prieto ó que idealmente ían dirixidas, un suxeito da innovación que tiña máis de espectro que de concreción real e máis de rendista que de propietario emprendedor. E mesmo máis de simple dono do directo -

---

<sup>48</sup> A. de Valenzuela Ozores, cit., p. 267.

cunhas rendas moitas veces complementadas con ingresos procedentes do comercio, a usura, a administración ou as profesións liberais- ben acomodado no seu papel de receptor pasivo, que de propietario propiamente dito. En ningún caso se considera ós cultivadores reais como posibles receptores das mensaxes innovadoras o cal, porén, non é óbice para que sobre deles se faga recaer boa parte da responsabilidade polo estancamento económico do país: os labregos non se privilexian como suxeitos da innovación, mais si teñen que aturar unha consideración social negativa por rotinarios e contrarios ó progreso.

#### **4. Innovadores teóricos e “propietarios” satisfeitos: o vocerío fronte ó silencio *selectivo*.**

Os escritos que na Galicia do XIX toman como pretexto a situación agrícola do país son abondosos. De certo, hai unha prolixa reflexión sobre as características, atrancos e posibilidades de desenvolvemento da agricultura galega, sen dúbida en relación coa progresiva penetración de formas de produción capitalistas no agro que se detecta a nivel europeo e estatal, coa mercantilización dos produtos agrarios e a creación dun mercado cada vez máis integrado e competitivo que supuña un novo reto para agriculturas rexionais ata entón moi pechadas en si mesmas, protexidas pola súa incomunicación e que agora víanse obrigadas a asumi-lo reto da competencia. Esta paseniña inserción nun marco cada vez en maior medida definido polas leis do capitalismo explica que a valoración positiva que da produción agrícola se fai nas décadas centrais do XVIII (Pérez García, 1982), se matice xa moitísimo a mediados do XIX e se valore negativamente a finais de século<sup>49</sup>.

Desde que Colmeiro plantexara o tema da necesaria reordenación capitalista da agricultura galega as voces que o seguiron foron moitas, sobre todo a nivel de folletos e colaboracións en xornais e revistas. Neste eido, Galicia simplemente limitábase a reflexa-la teima da *agromanía* que se extendía por toda Europa (Bourrigaud, 1994: 124-125; Halpern Pereira, 1983: 6-7; Castro Caldas, 1991: 358; Palmieri, 1996). Son os

---

<sup>49</sup> Como indica Fernández Prieto (1996) para o caso do gando. É a diferenza que se establece entre o discurso dun Planellas moi crítico coa agricultura do país pero que matiza moito as súas afirmacións ó comparala con outras do Estado ( “yo no os diré que vivimos en un estado de lamentable ignorancia respecto a este arte, que tal afirmación sería desmentir los hechos que diariamente se reproducen a la

arbitristas ós que se ten referido Villares, que conforman un auténtico vocerío a prol do desenvolvemento agrario galego e que teñen como órgano de expresión máis cercano a *Revista Económica* da S.E.A.P. santiaguesa e a prensa *de intereses morales y materiales* de dimensión provincial e que tan característica é da centuria decimonónica (Garrido González, 1993; Seoane, 1983). Aquí mistúranse individuos que manteñen verbo da terra posicións moi variadas, desde os autocalificados como propietarios (R. Somoza Piñeiro, o conde de Pallares, J. Pardo Bazán) ata unha maioría que só presentan unha relación teórica co agro obxecto das súas reflexións<sup>50</sup>: profesores de universidade (Casares, J. Gil, Planellas, Fontán ...), cadeirádegos de instituto (Valenzuela, Magín Plá), avogados (Castro Bolaño, Amor Labrada, Colmeiro), enxeñeiros (Villamarín, Antonio Ulloa), médicos (José Jorge de la Peña), mestres (J. Pico de Coaña) ... Estes son os máis ardorosos partidarios da introducción da *nova agricultura* e eles representan a versión máis achegada ó tan desexado ideal do innovador. Como se comproba, da ecuación perfecta do “propietario innovador” carecen maiormente do primeiro compoñente e do segundo soen aportar só a versión teórica -agás algúns dos que logo nos ocuparemos-, mais os seus escritos teñen a virtualidade de presenta-las eivas e os freos que na súa opinión se opuñan ó crecemento agrario do país, con independencia de que non acompañen os plantexamentos teóricos con realizacións prácticas e de que as alternativas defendidas caesen en saco roto.

Un repaso apresurado das súas propostas de innovación e promoción agraria debería de comezar pola extendida crenza sobre a fertilidade e riqueza natural dos solos galaicos<sup>51</sup>, unha idea esta moi xeralizada entre os pensadores agrarios de todo o Estado (Robledo, 1993: 70) pero que tiña moi escasa xustificación na realidade (Yoshiyuki Kondo, 1990: 34). A partires desta especie de alucinación colectiva, a eiva sen dúbida máis destacada como limitadora do progreso agrícola é a excesiva división do terrazgo<sup>52</sup> -aínda que non tódolos autores diferencian con claridade división da propiedade e

---

*vista de todo*”, en *Congreso Agrícola Gallego de 1864*, cit., p. 172.) e as dos informantes do impacto da crise finisecular en Galicia.

<sup>50</sup> Aínda que moitos poidan ser tamén perceptores de rendas.

<sup>51</sup> J. Planellas, “De lo que es en este suelo ...”, cit., p. 9; J. Gil, “Propiedad foral: Galicia”, cit., p. 50; M. Colmeiro, cit., p. 7.

<sup>52</sup> J. Gil, cit., p. 50; M. Colmeiro, cit.; J.S. Villamarín, “Subdivisión de la propiedad”, *Revista Económica*, nº 16, 30-VI-1861, pp. 337-341; J. Fernández del Prado, cit., p. 13; P. Pais, “La propiedad en Galicia.

división das explotacións- co seu corolario de fincas misturadas, servidumes colectivas, leiras pequerrechas que impiden a mecanización ou a introducción de rotacións completas, tempo perdido no traslado dunhas a outras ..., e que levará a propoñe-la necesidade dunha concentración parcelaria<sup>53</sup> que mesmo se plantexará legalmente no Parlamento en 1873 pero que non chegará a callar<sup>54</sup>, como en xeral tódalas medidas dirixidas a varia-la estrutura da propiedade galega que serán sistematicamente freadas no Congreso -o caso máis evidente é o das propostas de redención foral- polos representantes dunhas clases dominantes interesadas no seu mantemento (fidalguía e burguesía compradora de bens nacionais).

A outra grande coincidencia no apartado das reformas urxentes é a necesidade de estende-lo ensino agrícola<sup>55</sup>, unha teima educativa doadamente localizable tanto a nivel estatal (Calatayud Giner, 198?; Fernández Clemente, 1990) como europeo (Diomedea, 1982; Biagioli, 1994; Stewart, 1994; Collins, 1994; Charmasson, 1992). A insistencia neste apartado agacha moi diferentes consideracións que deben ser tidas en conta para mellor valora-lo seu carácter. En primeiro lugar, e como resulta evidente, unha ampla confianza nas posibilidades da educación como motor impulsor do progreso social (Peset, Garma, Pérez Garzón, 1978; Cipolla, 1970) de clara inspiración ilustrada, mais a partires desta constatación a valoración complícase e adquire implícitas intencións non sempre encadrables na idea marco do progreso socio-económico. Así, a insistencia no tema educativo desvía a atención sobre outras necesidades moito máis evidentes pero tamén máis perigosas de tratar -no caso galego, a desaparición do sistema foral-, desde o momento que a prioridade educacional camiña cara unha reforma agraria técnica que

---

Indicaciones sobre su estado legal”, *Revista Económica*, nº 34, 30-XI-1884, p. 310; E. Chao, *La Ilustración Gallega y Asturiana*, nº 3, 30-I-1879 ...

<sup>53</sup> J.S.V., “Subdivisión de la propiedad”, *Revista Económica*, nº 17, 15-VII-1861, pp. 357-360.

<sup>54</sup> A proposta foi de Eduardo Chao. Ver, Conde de Pallares, “La división del suelo y el proyecto del señor Chao”, *El Eco de Galicia*, nº 211, 4-XII-1873. Tamén en 1907 funcionou unha comisión parlamentaria encargada de estudia-lo asunto: *Memoria que comprende los antecedentes reunidos, trabajos practicados y proyecto de ley formulados por la Comisión nombrada para el estudio de la concentración parcelaria*, Madrid, 1907.

<sup>55</sup> J. Planellas, “De la instrucción racional y científica en agricultura, II”, *Revista Económica*, nº 17, 20-IV-1860, pp. 260-262; Domingo Erosa y Fontán, “De la agricultura en Galicia”, ídem, nº 15, 30-III-1860, p. 230; J. S. V., “Utilidad de las lecciones públicas de agricultura”, ídem, nº 26, 30-XI-1861, pp. 32-34; A. Casares, “De la enseñanza agrícola en Galicia”, ídem, nº 34, 15-V-1862, pp. 257-259; J. Jorge de la Peña, *Cartilla Agraria para las Escuelas Rurales de la provincia de Lugo*, Lugo, 1846; Pedro Ventura de Puga, *Proyecto de ley para generalizar los conocimientos agrícolas* (presentado no Congreso Agrícola Gallego de 1864) ...

deixa intactas as estruturas agrarias favorables ós grupos dominantes, presentando o problema agrícola desviándoo das súas compoñentes de fondo -estructurais- e centrándoo nunha simple carencia de *ciencia* na agricultura. Do mesmo xeito, a reiteración na educación vincúlase sempre coas necesidades de socialización do campesiñado dirixidas ó acatamento pasivo da ideoloxía oficial e ó alonxamento de propostas consideradas perigosas para o sistema de propiedade establecido (Almuiña, 1988; Grignon, 1981), debendo ser sempre a educación *xusta*, o mínimo indispensable para que as labouras técnicas se fagan con precisión mais evitando en todo momento que poida actuar como mecanismo de ascenso e promoción social, buscando así a fixación dos activos agrarios no campo e evitando a saída cara as cidades que deixaría á agricultura orfa de brazos (Gabriel, 1989; Rinaudo, 1986: 36). Por último, a teima na superioridade da agronomía letrada sobre as prácticas tradicionais -ás que se califica de rotinarias e estancadas desde sempre, ignorando os avances e progresos que son característicos das agriculturas orgánicas- non fai senón remarca-la posición secundaria na nova orde de cousas que ocupa o campesiño, que debe de resignarse ó seu papel de simple produtor sen intervir no deseño das políticas agrarias que veñen definidas desde o centro.

Xunto da necesidade sentida teoricamente -mais sempre trabada na práctica- de supera-la división excesiva do terrazgo e de estende-la instrucción agrícola con miras de progreso económico e control social, a liña de avance que máis claramente despunta na agricultura teórica é a obrigatoriedade dunha maior especialización no vacún, presentada sempre en relación coa extensión das superficies a prado e a inclusión das plantas forraxeiras nas rotacións<sup>56</sup>, alternativa gandeira asentada nas reiteradas afirmacións sobre as boas condicións naturais que reunía Galicia para o desenvolvemento do bovino. Non obstante, investigacións actuais teñen amosado como as relacións de produción vixentes no país en relación ó mantemento do sistema foral, o esfaragullamento do terrazgo e un contexto ecolóxico non tan favorable como se viña crendo -falla de pastos naturais, acidez, escaseza de forraxeiras-, xogaron en contra desta aposta gandeira ó longo do XIX (Carmona, 1982; Carmona & Puente, 1988; Fernández Prieto, 1996). Estas tres vías de actuación son, probablemente, as que con



máis insistencia se presentan nos escritos destes agrónomos “de salón”, influídos tanto polos logros da *mixed-farming* inglesa coas súas rotacións que privilexian as forraxeiras en favor da produción gandeira e coa súa preferencia polas grandes explotacións<sup>57</sup>, como pola oferta educativa -en forma de granxas-modelo e escolas agrícolas- característica dos franceses, que ten na escola de Grignon o modelo a imitar en Galicia. De modo xeral, as restantes propostas -coa marcada excepción das reiteradas apelacións ó necesario potenciamento dunha cultura arborea e forestal aquí case inexistente<sup>58</sup>- veñen a ser concrecións ou derivacións das anteriores, carácter que teñen as demandas de variación e/ou extensión das rotacións, o aumento e mellora no emprego de adubos ou a sempre matizada introducción de maquinaria. As reclamacións de crédito barato ou as referentes á mellora das comunicacións exceden xa o ámbito estrictamente agrario, para presentarse como integradas nun paquete máis amplo que toma como referente o crecemento económico xeral.

Moi esquematicamente, as recollidas serían as propostas innovadoras da agricultura teórica que dominan nos escritos agrarios previos á crise finisecular. Estes teóricos conforman o único grupo con conciencia -que non práctica- innovadora na Galicia do XIX. Individuos que, salvando a súa incompreensión -que tampouco é xeral- verbo da lóxica da agricultura tradicional en boa medida motivada pola súa mesma adscripción de clase, identifican con claridade as eivas e problemas que afectan á agricultura galega e propoñen un esquema internamente coherente de desenvolvemento capitalista, pero que vai a chocar coa barreira infranqueable das relacións de produción dominantes no agro -un sistema foral polo que non poucos destes pensadores pasan de puntiñas, como agora veremos- e coa inexistencia do suxeito da innovación que no seu

---

<sup>56</sup> A. de Valenzuela Ozores, cit.; Juan Suárez Casas, *Soluciones para el mejoramiento de la raza bovina y riqueza agrícola-industrial en la zona noroeste de España*, Luarca, 1897.

<sup>57</sup> Algúns autores, singularmente Villamarín e Pardo-Bazán, asumen case na súa plenitude a necesidade e viabilidade das grandes labranzas en Galicia -o que hai que relacionar coa súa teima mecanizadora-, mais non é esta a tendencia dominante nos escritos dos teóricos, onde a fórmula da combinación entre o grande e o pequeno cultivo, da propiedade mediana na liña dos “cotos redondos” de F. Caballero é a máis aceptada. A propia conciencia da crebrada orografía galega era un dos argumentos máis esgrimidos á hora de non asumir sen mais o modelo inglés.

<sup>58</sup> “Informe de la Comisión mixta de la Excm. Diputación Provincial y Sociedad Económica, referente a los medios prácticos de fomentar el arbolado y la industria pecuaria en la provincia de la Coruña”, *Revista Económica*, nº 39, 30-IV-1885 e ss.; Antonio de Castro Martínez, “Utilidad del arbolado y necesidad de su fomento en Galicia”, *El Correo de Lugo*, nº17, 10-VIII-1860; ver tamén a curiosa proposta de Muñoz

pensamento debería de levar adiante os cambios: a burguesía agraria. Así, con propietarios ficticios e labregos que non contaban como receptores das propostas, estas perderanse no valeiro ata que a convulsión do fin de século, coa redefinición do axente innovador, o proceso de propietarización, o artellamento societario campesiño e o maior interese estatal pola experimentación, permita que algúns dos proxectos arbitristas teñan viabilidade, pero mediatizados polas necesidades da pequena explotación e do seu titular, outrora foreiro e agora propietario (Fernández Prieto, 1994).

O que vimos de ver forma parte dese *vocerío* teórico de que falabamos no título do epígrafe, mais en absoluto representa os intereses e inquedanzas dos que as fontes definen baixo o rótulo de “propietarios” e que nós temos identificado (quizais abusivamente) como perceptores de rendas forais -sexan donos do directo ou *middlemen* intermediarios entre útil e titular foral-. ¿Cales eran as preocupacións destes imperfectos propietarios si, como xa temos visto, o relacionado cos cultivos e a súa evolución só lles interesa en tanto en canto lles garanta a percepción de rendas? Pois basicamente iso, a continuidade sen alteracións na cobranza e todo o que teña algunha relación co seu dereito como titulares forais. Porén, e fronte á abondosa publicística dos teóricos, a voz do directo prodígase menos nos medios escritos (Sueiro, 1912: 52-53). Pero aínda máis importante que este aspecto cuantitativo é o cualitativo, dado que se trata sempre de intervencións puntuais, ben localizadas e seleccionadas en momentos concretos cando consideran que os seus intereses están sendo postos en entredito: é un *silencio selectivo*.

A postura a prol do mantemento do *statu quo* foral por parte da fidalguía galega como principal beneficiaria do sistema -xunto da burguesía compradora de rendas nas desamortizacións-, ten sido xa abondosamente destacada (Villares, 1982: 251-308). E este representa o punto nodal no que non hai amaño nin cesión posible: a peculiar ordenación do agro galego determinaba que calquera pensamento de reforma tiña que pasar, forzosamente, por unha redención a prol dos cultivadores -que, evidentemente, redundaría tanto en contra dos directos como dos intermediarios na relación foral-, desde o momento que as posibilidades dunha saída reversionista, con despoxo masivo

---

referente ó plantio de árbores frutais no Congreso Agrícola de 1864 (cit., p. 183). Sobre os usos tradicionais do monte, de orientación sempre máis agrícola que forestal, ver Balboa (1990: 23-48).

dos foreiros, era impensable pola axitación social que provocaría<sup>59</sup> e polos dereitos históricos dos cultivadores amparados nunha posesión máis que secular. En tódalas ocasións en que se tentou algunha reforma neste eido en sentido redencionista, a case sempre muda voz dos *propietarios* desinteresados nas propostas de innovación tórnase ben aguda para clamar na defensa dos seus ameazados dereitos. E isto xa non só en casos especialmente marcados que pola súa excepcionalidade poderían resultar pouco representativos -refírome ó contexto da Iª República e á lei de redención de agosto de 1873 estudada por López Rodríguez (1985)- senón en base a unha oposición sistemática e visible ó longo de todo o XIX e boa parte do XX: desde a descalificación do proxecto de Código Civil de 1851 no que se establecía a posibilidade da redención<sup>60</sup> e pasando polas sucesivas intentonas de 1864, 1866, 1878, 1886<sup>61</sup> ...de sacar adiante unha lei de redención, todas elas desatendidas por unhas Cortes nas que sempre tivo “*mayor representación el señorío que el colono*” (Vincenti, 1917: 8), o rexeitamento a calquera variación das relacións de produción definidas polo sistema foral foi total. En ningún caso nos debe de levar a confusión a abondosa literatura sobre o foro no XIX: só unha parte dela é favorable á súa desaparición -e non sempre coincidindo nos medios-, mentras que outra -que aparece en forma de reacción defensiva- maniféstase a prol do seu mantemento, ó sumo con reformas superficiais, e non cabe dúbida que esta é a representativa da inmensa maioría dos directos galegos. Nin sequera os colaboradores da *Revista Económica*, os máis concienciados verbo da mellora dos cultivos e a innovación agraria e organizadores do Congreso de 1864, manteñen unha postura

---

<sup>59</sup> Só Pardo Bazán, e unicamente para foros particulares anteriores a 1785 -co que restaban excluída-las rendas subhastadas no proceso desamortizador-, defendeu explicitamente a posibilidade reversionista: J. Pardo Bazán, “Observaciones y adiciones al proyecto de ley presentado a las Cortes en 30 de marzo de 1864 por el diputado don Justo Pelayo Cuesta sobre rentas y pensiones establecidas en Galicia”, *Boletín Judicial de Galicia*, nº 18, 30-IV-1864, p. 138. A continuidade, amparada pola lexislación desamortizadora, do útil como cultivador e, sobre todo, a lei de redención de 1873, afastaron calquera resto que puidese quedar de tentación reversionista. Entre os contrarios á redención, o mantemento do sistema foral cos mínimos cambios posibles é o ideal perseguido.

<sup>60</sup> *Revista Jurídica y Administrativa de Galicia*, I, 1852, pp. 397-401. Citado por, Villares (1982: 254).

<sup>61</sup> “Proposición de ley del Sr. Cuesta sobre las rentas y pensiones establecidas en Galicia, Asturias y León con los nombres de foros, subforos, rentas en saco y derechos” (30-III-1864), *Diario de las Sesiones de Cortes. Congreso de los Diputados*, apéndice I, nº 91, 1-IV-1864; o mesmo Pelayo reitera o seu proxecto en 1866 (ver, Conde de Pallares, “Estado de la propiedad en Galicia”, *La Época*, nº 5.740, 25-IX-1866); “Dictamen de la Comisión relativo al proyecto de ley de foros” (27-IV-1878), *Diario de Lugo*, nº 474, 3-V-1878; “Proyecto de ley de redención de censos y foros” (3-VII-1886), *Revista Económica*, nº 59-62, 31-XII-1886, 31-I-1887, 28-II-1887.

unánime respecto do sistema foral: Planellas apoia a súa continuidade<sup>62</sup>, Somoza Piñeiro oponse á redención, Obaya o mesmo, J. Gil adopta idéntico posicionamento, igual o conde de S. Juan, Varela de Montes pasa de puntñas sobre o tema ... A propia insistencia da *Económica* na educación e a necesidade de introduci-la ciencia no agro galego como vía para a implantación de melloras que non leven aparelados cambios no sistema foral vixente, é ben significativa<sup>63</sup>. Xa que logo, a principal e case única preocupación dos *propietarios* galegos é que as rendas continúen chegando regularmente ás súas paneiras<sup>64</sup>, e cando isto é cuestionado a súa tradicional apatía tórnase febril actividade con aparicións na prensa, manifestos públicos, peticións ó Goberno e mobilización xeral de contactos a nivel de Sociedades Económicas, Audiencias, Colexios de Avogados e Congreso.

A partires deste núcleo duro dos intereses do directo identificado coa defensa a ultranza do sistema foral, tódalas súas restantes intervencións públicas xiran arredor del e do peculiar concepto de propiedade que encerra. Isto explica a sistemática defensa do dereito de propiedade mesmo contra inimigos case imaxinarios no segundo tercio do XIX como o socialismo<sup>65</sup>, así como a recorrente táctica de situa-la redención no posto de partida dunha xeralizada contestación do principio da propiedade privada, que leva á necesidade de promove-la protección de *todo* dereito de posesión, mesmo ese tan imperfecto definido na relación foral. Se repasámo-las aparicións no foro público dos autoproclamados propietarios e que asinan como tais, veremos de xeito reiterado que están dominadas por unha obsesiva -e lóxica- teima protectora da súa particular propiedade: a oposición á lei hipotecaria (Villares, 1982: 297-308) e a reclamación

---

<sup>62</sup> J. Planellas, “Cuatro palabras más sobre el Banco Hipotecario Español atendiendo al sistema foral de Galicia y a la ley general hipotecaria”, *Revista Económica*, nº 67, 15-VIII-1863: “*Es muy común en nuestros días entre personas de alguna ilustración el declamar contra el sistema foral de Galicia (...); semejante opinión no puede resistir el examen serio de una razón clara y desapasionada*” (p. 407).

<sup>63</sup> A excepción clara é J. S. Villamarín.

<sup>64</sup> E non se cansan de afirma-lo satisfactoria que lles resulta esta situación de simples rendistas: Muñoz, no Congreso de 1864 (cit., p. 69), destacaba o beneficioso dunha renda eterna e invariable que lles servira para educa-los fillos e situalos nos “*primeros puestos del Estado en todas las carreras*”; outros simplemente se laiaban de non cobrar máis rendas das que xa perciben (El gallego rural, “Redención de foros”, *La Época*, nº 7656, 21-IX-1873), e o grupo máis amplo contentábase coa continuidade, sen sobresaltos, no seu cobro (*Informe de la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago (...) sobre foros, subforos y otras cargas semejantes que se conocen en el antiguo Reino de Galicia*, Santiago, 1875; *Informa sobre foros que eleva al Excmo. Sr. Ministro de Gracia y Justicia el ilustre Colegio de Abogados de La Coruña*, A Coruña, 1875).

dunha gardería rural protectora dos seus intereses son as probas máis evidentes<sup>66</sup>. Xa que logo, os *propietarios* repetidamente criticados pola súa absoluta apatía no tema dos cultivos e as melloras agrarias, aparecen agora dotados dunha grande vitalidade en canto os seus alicerces como clase social dominante resultan cuestionados. Aquí si amosan cales son os seus verdadeiros intereses e as súas verdadeiras inquedanzas : as rendas e non a produción.

### **5. A excepción que confirma a regra: José Pardo-Bazán ...e pouco máis.**

Vimos de ver ós imperfectos propietarios galegos no seu principal e case único papel ó longo do s. XIX: a defensa dos seus intereses de clase definidos arredor da pervivencia da renda foral e moi alonxados dos cultivos e de calquera inquedanza emprendedora ou innovadora. Agás casos moi concretos -os fidalgos ribeirás definidos por Lois Domínguez e interesados tanto na produción como nas rendas-, o panorama xeral semella axeitarse bastante ben ó descrito páxinas atrás. De feito, é tan pouco o que sabemos sobre a indefinida figura do innovador/emprendedor agrario na Galicia decimonónica, que mesmo o seu máis conspicuo representante, José Pardo-Bazán, se nos aparece envolto en densos neboeiros dado o esmigallado e moi incompleto coñecemento que del e da súa obra temos hoxendía. A carón de Pardo-Bazán soe situarse outro persoeiro, o conde de Pallares<sup>67</sup>, identificado en boa medida co seu pensamento -aínda que coas matizacións que de seguido veremos-, e que representa unha versión máis lixeira (se se me permite a expresión) do interese e a práctica innovadoras que se atribúen a D. José.

A consideración de propietario innovador do Pardo-Bazán descansa na súa coñecida iniciativa verbo da creación na zona da Capelada, en 1857, dunha granxa-modelo de orientación pecuaria (Villares, 1982a: 266), plan que agocha a intención de

---

<sup>65</sup> J. Pardo Bazán, cit., p. 141; Luis de Trelles, “Sobre los foros de Galicia”, *El Faro Nacional*, nº 563, 15-IX-1859, p. 337.

<sup>66</sup> Ramón Somoza Piñeiro, “Sobre el diferente criterio de las ciudades y poblaciones rurales”, *Revista Económica*, 30-XI-1863, pp. 25-30. Nas cartas que o conde de Pallares, na súa calidade de deputado en varias ocasións por Lugo, Mondoñedo e Vilalba recibe a cotío, as únicas peticións de carácter político que se lle pide defensa publicamente no Congreso son as referidas á reforma da lei hipotecaria e á creación dunha gardería rural (Arquivo Histórico Provincial de Lugo, sección Xeral, documentación do conde de Pallares).

<sup>67</sup> A análise de dous aspectos trascendentais da súa traxectoria vital, en canto protagonista na loita polo ferrocarril de Galicia e na promoción de iniciativas xornalísticas, en Veiga (1996).

pór en marcha unha grande explotación agraria de corte capitalista (Fernández Prieto, 1992: 71). Do mesmo xeito, Durán (1995), defíneo graficamente como “*más burgués que los burgueses de su partido*”, suliñando o seu interese e esforzos por “*hacer agricultura capitalista*” e rematando por presentalo como a versión galega do *landlord* británico. A estas consideracións verbo do carácter innovador do coruñés hai que engadir outras informacións, sempre esfaragulladas, que insisten no mesmo sentido. En 1862, e como plasmación práctica da Memoria que viña de facer en colaboración co conde de Pallares<sup>68</sup>, tiña en proxecto a presentación na Deputación de A Coruña dunha proposta co obxecto de crear unha granxa-modelo na provincia, sen que lle importase demasiado que non fose aceptada por canto estaba convencido que realizándoa pola súa conta mesmo lle sería máis rentable; igualmente, suliñaba a certeza que tiña de exporse ó ridículo se o organismo provincial desestimaba a oferta, mais afirmaba estar acostumado a que o tomasen por tolo como xa fixeran anos atrás cando os seus experimentos cuns muíños na zona de Pontevedra, agora obxecto de xeral admiración<sup>69</sup>. A penas uns meses antes, en outubro de 1861, tiña recibido unha moderna máquina para a fabricación de manteiga<sup>70</sup>, mentras que en 1863 a súa compra na Exposición londinense dunha ordeñadora era obxecto de reseña na *Revista Económica*<sup>71</sup>. Anos máis tarde informaba a Pallares da boa evolución dos eucaliptos dunha nova especie que tiña sementado ... Son datos evidentemente moi incompletos, fragmentarios e ata confusos en ocasións, mais tamén dabondo sintomáticos dun individuo preocupado teorica e practicamente pola posta en marcha de iniciativas agrarias innovadoras. Se algún día as fontes permiten o achegamento á estrutura interna do seu patrimonio -en canto ó predominio relativo de foros ou arrendos, á importancia da propiedade en plena posesión, ó seu grao de dispersión e parcelación ...- e aportan unha maior información das iniciativas recollidas e doutras con seguridade protagonizadas, poderemos ter unha

---

<sup>68</sup> J. Pardo Bazán & Conde de Pallares, *Memoria sobre la necesidad de establecer escuelas de agricultura en Galicia*, Madrid, 1862.

<sup>69</sup> Carta de Pardo-Bazán ó conde de Pallares, 1-I-1862, Arquivo Histórico Provincial de Lugo, sección Xeral, documentación do Conde de Pallares, legaxo 9. Noutra de 16-XII-1861 (ibídem) mesmo propón a Pallares que adique a súa finca de Penascorbeiras (Vilalba) á instalación dunha escola agrícola ou ben que forme unha sociedade que arrende unhas terras para tal mester.

<sup>70</sup> J. Pardo-Bazán ó conde de Pallares, 25-X-1861. Ibídem.

<sup>71</sup> R. S. P., “Nueva máquina para ordeñar las vacas”, *Revista Económica*, nº 62, 30-V-1863, p. 293.

imaxe moito máis completa do seu protagonismo como emprendedor agrario e valorar con mellor coñecemento de causa a súa actividade.

En canto á figura do conde de Pallares, que a historiografía soe asociar sempre co propio Pardo-Bazán, é máis difícil definila a partires dos criterios innovadores que asignabamos a este. O que sabemos das súas iniciativas agrarias<sup>72</sup> leva máis a consideralo un experimentador *de horta* -definición que non garda ningunha carga despectiva senón puramente descriptiva-, moi interesado na plantación e aclimatación de novas especies e na adaptación de maquinaria sinxela ás características agrícolas da Terrachá<sup>73</sup>, que non como propietario interesado na conformación dunha grande explotación agrícola de corte inequivocamente capitalista que representa o seu amigo Pardo-Bazán. De feito, os verdadeiros esforzos do Conde centraranse máis na divulgación agraria -con artigos en xornais, folletos e coa organización e glosa de exposicións agrícolas<sup>74</sup>- e na contribución ó debate sobre a estrutura da propiedade territorial galega<sup>75</sup>, que non na difícil tarefa de levar adiante unha práctica cultivadora en base a plantexamentos productivos propios do capitalismo agrario máis arquetípico.

Deixando de lado esta diferente valoración en canto á actividade innovadora que presentan un e outro persoeiro -e da que realmente sabemos moi pouco-, as

---

<sup>72</sup> Das que a penas se gardan datos no seu arquivo privado.

<sup>73</sup> Pallares experimentará co plantío de novas especies de trigo (a *tremesina* ou o *sarracénica*) e con millo procedente dos Estados Unidos, así como con variedades de sorgo e alpiste; buscará tamén a aclimatación de forraxeiras (espérgula, algarroba, trébol, esparcilla, bromo); tentará a plantación de especies arbóreas pouco extendidas no país (abetos, eucaliptos da variedade *globulus*, alerces ...); adaptará, e tentará popularizar con demostracións, instrumentos de utilidade para as tarefas agrarias e de doada construción (unha grade modelo *Valcourt*, feita con armazón de madeira e dentes e cadea de ferro, unha máquina fabricadora de manteiga, un aparello para combati-lo pulgón ...); criará porcocos recastados a partires de cruces con razas inglesas ...

<sup>74</sup> Estudos agronómicos sobre a realidade e posibilidades da agricultura lucense no xornal *Eco de Galicia*; o folleto, xa citado, en colaboración con Pardo-Bazán; o *Informe presentado a la Junta de Agricultura de la provincia de Lugo por su vice-presidente el Conde de Pallares en contestación al interrogatorio sobre el estado de la enseñanza agrícola, sobre los medios de contribuir a su propagación y al fomento de la agricultura, dirigido en 10 de Mayo de 1862, por el Excmo. Sr. Ministro de Fomento*, Lugo, 1862; a memoria, inédita, sobre a exposición agraria lucense de 1867; a organización da Exposición Rexional de Lugo en 1877; a dirección do Museo Agrícola creado pola Deputación de Lugo en 1867 ...

<sup>75</sup> No xornal, dirixido por el, *El Correo de Lugo* (1860-61); nos artigos publicados en *La Época* (1866) con ocasión da reiteración por parte de Pelayo Cuesta do seu proxecto de redención foral; nas opinións verquidas no *Eco de Galicia* (1872-75) en contra da lei de redención de agosto de 1873 e comentando o proxecto de lei de E. Chao sobre a división da propiedade en Galicia..., ademais das súas iniciativas parlamentarias no tema foral, destacando a presidencia da comisión do Senado que, en 1878, dictaminou favorablemente o proxecto redencionista presentado polo goberno e que logo o Congreso se encargaría de rexeitar.

coincidencias en canto ó programa agrario defendido para Galicia, a delimitación dos atrancos que dificultan a súa aplicación, a identificación das eivas e a presentación das liñas de desenvolvemento con maior futuro, son as suficientes como para permitir unha análise conxunta do seu pensamento<sup>76</sup>, que ten a virtualidade de aparecer adxectivado e complementado por un intento de aplicación práctica. Ámbolos dous autores parten dun pensamento de impronta fortemente ruralista, moi xeral nos pensadores da realidade agrícola do XIX e que ten a súa mellor expresión na figura de F. Caballero, que os leva a considera-la actividade agraria como a máis importante desde o punto de vista da produción, amén de fornecedora duns hábitos de comportamento -frugalidade, sobriedade, obediencia- considerados moi positivos e ben alonxados do individualismo, egoísmo e a tendencia á rebelión que sinalan como propios do carácter urbán. Demostrando sempre unha enorme erudición en canto ó coñecemento das realidades agrícolas europeas, a análise que realizan da galega destaca pola claridade dos seus plantexamentos e a coherencia capitalista das súas propostas. Sen ambaxes, denuncian a persistencia do réxime foral como a eiva principal que frea calquera proxecto de desenvolvemento agrario do país, mais discrepan na solución a empregar: unha reversión matizada en Pardo-Bazán (non afectaría ás rendas forais procedentes de bens nacionais) e unha aposta pola redención en Pallares. Non obstante isto, a coincidencia de fondo en canto á necesidade de varia-las relacións de produción vixentes en Galicia é clara.

A crítica á excesiva división do terrazgo é a outra constante presente nos dous autores. O parcelamento e esfaragullamento das explotacións impide a introducción de rotacións completas, imposibilita ós emprendedores levar adiante as súas prácticas polo sometemento a servidumes colectivas, xera perdas de tempo considerables nos desprazamentos, crea numerosos lindeiros que diminúen o xa escaso terreo agrícola, non permite o emprego de maquinaria e dificulta a realización de experimentos. En consecuencia, a concentración parcelaria imponse como unha necesidade previa a

---

<sup>76</sup> A fin de evita-la reiteración das citas, recollo aquí as fontes empregadas na análise: J. Pardo-Bazán, “Estudios sobre la propiedad en Galicia. Foros: su historia, ventajas e inconvenientes”, *Revista de Galicia*, nº 1, 1-VI-1850; “Economía rural ...”, cit.; en colaboración co conde de Pallares, *Memoria sobre ...*, cit.; “Observaciones y adiciones ...”, cit.; Conde de Pallares, *Informe presentado ...*, cit.; en colaboración con J. Pardo-Bazán, *Memoria sobre ...*, cit.; memoria, inédita, sobre a Exposición agrícola e



calquera outro tipo de reforma para axeita-la propiedade ás necesidades da nova agricultura, necesariamente competitiva e obrigada á redución dos custes de produción. A liña futura de especialización que debe presidi-la renovación agraria galega ten que concentrarse na produción gandeira, e para elo proponse a adopción de rotacións que den preferencia ós prados e ás forraxeiras que sexan quen de alimentar unha cabana bovina en constante crecemento. Non obstante o anterior, deféndese unha innovación pausada e feita con tento e prudencia que permita unha adaptación progresiva das estruturas agrarias galegas ás novas condicións, aínda que de novo aquí hai que reseña-las matizacións de cada autor. Pardo-Bazán, coa mente posta na constitución de grandes explotacións de inspiración inglesa, non atopa problema algún na introducción de maquinaria e na especialización gandeira, mentras que Pallares fala da necesidade de combina-lo pequeno e mediano cultivo buscando un acoplamento harmónico das innovacións ás características da produción campesiña, sulíña as dificultades para introducir unha maquinaria pensada para as grandes chairas americanas e prefire un gando de aptitude mixta -traballo, carne e leite- mellor adaptado ás explotacións do país.

En canto ó tema educativo tan sinalado polos arbitristas galegos do XIX como unha das eivas principais da agricultura patria, e a pesares dos significativos títulos que presiden os seus folletos e das súas intencionas neste eido, non ocupa en absoluto un posicionamento central no seu pensamento. Así, nunca é presentado a modo de panacea curadora das doenzas agrícolas galegas e sempre aparece claramente subordinado a unha previa e inexcusable reordenación estrutural da propiedade. A valoración das medidas lexislativas dirixidas á introducción do ensino agrario obrigatorio en escolas, institutos ou seminarios é francamente negativa, sinalando a nula utilidade do ensino teórico e apostando por outro de orientación eminentemente práctica que sexa quen de fornecer de técnicos especialistas á nova agricultura que deseñan para Galicia.

---

gandeira celebrada en Lugo en 1867 (Museo Provincial de Lugo); "Estado de la propiedade en Galicia", *La Época* (5 artigos entre o 25-IX-1866 e o 12-XII-1866).

## 6. Conclusión.

Os dous exemplos que vimos de recoller representan a versión máxima que na Galicia do XIX se pode atopar dese especie estraña e difícil de definir que é o propietario innovador. Doadamente se deduce das páxinas anteriores que a pescuda histórica neste tema ten aínda moito que avanzar, aproveitando esas pequenas fendas que recentes investigacións teñen aberto e profundizando na definición da polarización interna do campesiñado que sen dúbida permitirá a constatación de actitudes emprendedoras, probablemente non espectaculares nin parangonables coa versión canónica de innovación agrícola -por outro lado, e como xa vimos, hoxe obxecto dunha profunda revisión-, mais si as únicas adaptables ós ríxidos límites que a calquera práctica innovadora impuña un contexto agrario como o definido para a Galicia do pasado século. Todo fai indicar que é no propio seo do campesiñado onde debemos de tentar identificar e valorar eses síntomas de cambio que se materializan e concretan nos comezos do s. XX situándose como a base da renovación productiva da agricultura do país: na introducción do uso da gadaña, na crecente comercialización do gando, na ampliación dos espazos a prado, na substitución da madeira polo ferro nos apeiros, na progresiva redución do barbeito, na individualización dos espazos a monte, no acceso á propiedade desde a desamortización de Madoz ... Con seguridade que esta vía resultará moito máis fructífera que o eterno lamento do que puido ter sido e non foi no referente á non concreción dunha burguesía agraria ó estilo valenciano, e sen dúbida moito máis que as apelacións a supostas traicións de supostas misións históricas que semellan respostar máis a ontolóxicos modelos histórico-económicos -e ós desexos dos historiadores- que á propia realidade histórica e ós concretos intereses de determinadas clases -singularmente a burguesía-, que actúan movidas en exclusiva pola defensa dos seus intereses en función das oportunidades que ofrece o contexto, e non por ideais patróns de actuación en beneficio do conxunto da colectividade ou da concreción de determinado modelo de sociedade.

En tanto non teñamos un mellor coñecemento da diferenciación que internamente presenta un grupo campesiño con seguridade máis heteroxéneo do que coidamos, e poidamos identificar nel grupos definidos por unha maior capacidade para aproveita-las posibilidades de acumulación que abre a nova economía burguesa,

deberemos de contentármolos con aproximacións cualitativas que só poden abordar lateralmente un tema tan complexo como o da innovación agraria. Para o caso concreto da Galicia do XIX, e no referente ós *propietarios* que definen as fontes, todo fai pensar que a caracterización rendista é a maioritaria, así como o seu alonxamento da produción que impide a súa concreción como innovadores. A saída que en Galicia representa a reforma agraria liberal atópase na base desta situación, ó propiciar -en función das forzas sociais que nese contexto loitan pola propiedade da terra- a non aparición dunha burguesía agraria que fose quen de promove-las iniciativas innovadoras, ó tempo que confirma ó campesiñado no cultivo da terra reforzando así a súa forteza histórica como detentador do útil. De acordo con esta situación, as numerosas apelacións que dende a agricultura teórica se dirixen a uns propietarios tan indefinidos na súa propia esencia como os galegos, atópanse cunha nula recepción, situación que a crise finisecular virá a variar en función do progresivo acceso á propiedade da terra do antigo cultivador, só entón privilexiado como suxeito da innovación.

Xa que logo, da relación perfecta que define o par binario propietario-innovación, debemos de conformarnos cunha definición moi parcial do primeiro e unha versión case exclusivamente teórica da segunda, desde o momento que os casos ata hoxe identificados que desmintan esta separación son escasos e coñecidos só de xeito parcial, ademais de resultar polo de agora simples particularidades nun conxunto ben alonxado deles. E con particularidades illadas e escasamente representativas non se constrúe a Historia.

## BIBLIOGRAFÍA

- ALMUIÑA FERNÁNDEZ, C. “Ideología y Enseñanza en la España Contemporánea. La lucha por el control de la escuela”, *Investigaciones Históricas*, 7 (1988) 205-235.

- ARGEMÍ, LL., *Agricultura e Ilustración*, Madrid, M.A.P.A., 1988.
- ARMIERO, M., “Tra proprietari e proprietà: gli agenti locali della famiglia Riario Sforza”, *Meridiana*, 20 (1994) 135-165.
- ARTIAGA REGO, A., “La renta foral en Galicia a finales del siglo XIX”, *Agricultura y Sociedad*, 30 (1984) 207-237.
- , *A desamortización na provincia de Pontevedra (1855-1900)*, Pontevedra, Deputación Provincial, 1991.
- BALBOA, X. L., *O monte en Galicia*, Vigo, Xerais, 1990.
- BALCELLS, A., *Historia Contemporánea de Cataluña*, Barcelona, Edhasa, 1983.
- BANTI, A. M., *Terra e denaro. Una borghesia padana dell'Ottocento*, Venezia, Marsilio, 1989a.
- , “Gli imprenditori meridionali: razionalità e contesto”, *Meridiana*, 6 (1989b) 63-89.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R., “A problemática foral no século XVIII. Unha nova interpretación”, en BARROS, C. (ed.), *Dende Galicia, Marx*, Sada, Edicións do Castro, 1985, pp. 245-258.
- BARREIRO MALLÓN, B., “La pragmática de <<perpetuación de foros>>. Intento de interpretación”, *Compostellanum*, XVII (1972) 73-116.
- BIAGIOLI, G. (et al.), <<Agricultura come manifattura>>: *le condizioni per lo sviluppo agricolo*, Actas do Congreso, Pisa, febreiro de 1994.
- BOSERUP, E., *Las condiciones del desarrollo en la agricultura*, Madrid, Tecnos, 1967.
- BOURRIGAUD, R., *Le développement agricole au 19ème. siècle en Loire-Atlantique*, Nantes, Centre d'Histoire du Travail, 1994.
- CALATAYUD GINER, S., “La difusión agrónoma en la segunda mitad del siglo XIX: a propósito de la enseñanza agrícola”, *Estudis d'Història Contemporània del País Valencià*, 6 (198?) 165-194.
- , *Capitalismo agrario y propiedad campesina. La Ribera del Xúquer, 1860-1930*, Valencia, Edicions Alfons el Magnànim-IVEI, 1989.
- (& MILLÁN Y GARCÍA-VARELA, J.), “La formación y el desarrollo del capitalismo agrario en el País Valenciano: entre el atraso y la innovación”, *Noticiero de Historia Agraria*, 1 (1991) 23-28.
- (& MILLÁN I GARCÍA-VARELA, J.), “Un capitalisme agrari amb <<rendistes>> i <<camperols>>: una aproximació a la dinàmica de la societat local al regadiu valencià durant el segle XIX”, *Estudis d'història agrària*, 10 (1994) 27-56.
- (MILLÁN, J. & ROMEO, M<sup>a</sup>. C.), “La nobleza propietària en la societat valenciana del segle XIX: el comte de Ripalda i la gestió del seu patrimoni”, *Recerques*, 23 (1996) 79-101.

- CARDESÍN, J. M<sup>a</sup>., *Tierra, trabajo y reproducción social en una aldea gallega (ss. XVIII-XX): Muerte de unos, vida de otros*, Madrid, M.A.P.A., 1992a.
- , “Ricos, Labradores, Caseiros y Camareiras: transformaciones económicas y jurídico-políticas, y estructura social en una aldea de Galicia-NW de España”, *Ler História*, 23 (1992b) 79-99.
- CARMONA BADÍA, X., “Sobre as orixes da orientación exportadora na produción bovina galega. As exportacións a Inglaterra na segunda metade do século XIX”, *Grial*, Anexo I, Historia, 100 (1982) 169-206.
- (& PUENTE, L. de la), “Crisis agraria y vías de evolución ganadera en Galicia y Cantabria”, en GARRABOU, R. (ed.), *La crisis agraria de fines del siglo XIX*, Barcelona, Crítica, 1988, pp. 181-211.
- , *El atraso industrial de Galicia. Auge y liquidación de las manufacturas textiles (1750-1900)*, Barcelona, Ariel, 1990.
- CASTRILLEJO IBÁÑEZ, F., “Transformaciones en los grupos sociales de compradores”, en RUEDA, G., (ed.), “La desamortización en la Península Ibérica”, *Ayer*, 9 (1993) 213-251.
- CASTRO CALDAS, E. de, *A agricultura portuguesa através dos tempos*, Lisboa, Instituto Nacional de Investigaçao Cientifica, 1991.
- CIPOLLA, C., *Educación y desarrollo en Occidente*, Barcelona, Ariel, 1970.
- CLAVERO, B., *El código y el fuero. De la cuestión regional en la España Contemporánea*, Madrid, Siglo XXI, 1982.
- , “Enfiteusis, ¿qué hay en un nombre?”, *Anuario de Historia del Derecho Español*, 56 (1986) 467-519.
- COCAUD, M., “Les cadres de la rénovation agricole en Ille-et-Vilaine dans la première moitié du XIX<sup>ème</sup>. siècle”, *Revue d’histoire moderne et contemporaine*, 43 (1996) 479-495.
- COLLINS, E. J. T., “Ciencia, educación y difusión de la cultura agrícola en Inglaterra desde la fundación de la <<Royal Society>> hasta la Gran Guerra (1660-1914)”, *Noticiero de Historia Agraria*, 8 (1994) 15-41.
- CONGOST, R., “Enfiteusis y pequeña explotación campesina en Cataluña, siglos XVIII-XIX”, en SAAVEDRA, P. & VILLARES, R., (eds.), *Señores y campesinos en la Península Ibérica, siglos XVIII-XX. Campesinado y pequeña explotación*, Barcelona, Crítica, 1991, v. 2, pp. 63-87.
- Congreso Agrícola Gallego de 1864* (limiar de Ramón Villares Paz), Sada, Ediciós do Castro, 1994.
- CORDERO TORRÓN, X., “La redención foral en la provincia de La Coruña ante el proceso desarmortizador”, en VV.AA., *Desamortización y Hacienda Pública*, Madrid, M.A.P.A., 1986, t. I, pp. 191-206.
- , “Manuel Colmeiro y la propiedad de la tierra en Galicia”, *Revista de Historia Económica*, 2 (1989) 63-70.

- CHARMASSON, T. (et al.), *L'enseignement agricole et vétérinaire de la Révolution à la Libération*, Paris, INRP, 1992.
- DELLA VALENTINA, G. L., "Padroni, imprenditori, salariati: modelli capitalistici padani", en BEVILACQUA, P. (coord.), *Storia dell'agricoltura italiana in età contemporanea*, 2. *Uomini e classi*, Venezia, Marsilio, 1990, pp. 151-200.
- DÍEZ ESPINOSA, J. R., "Estructura de la propiedad y revolución liberal en Valladolid. Tierra, nobleza y burguesía", en SAAVEDRA, P. & VILLARES, R. (eds.), cit., 1991, v. I, pp. 201-217.
- DÍEZ RODRÍGUEZ, F., *Prensa agraria en la España de la Ilustración. El Semanario de Agricultura y Artes dirigido a los párrocos (1797-1808)*, Madrid, M.A.P.A., 1980.
- DIOMEDE, I., *Istruzione agraria e lavoro contadino nel riformismo agricolo dell'Italia Unita (1861-1900)*, Napoli, Edizioni Scientifiche Italiane, 1982.
- DOMÍNGUEZ CASTRO, L., *Viños, viñas e xentes do Ribeiro. Economía e patrimonio familiar, 1810-1952*, Vigo, Xerais, 1992.
- (BASALO ÁLVAREZ, M<sup>a</sup>. T. & LOSADA RODRÍGUEZ, M<sup>a</sup>. J.), "Foros y desamortizaciones en la provincia de Ourense (1821-1851). Algo se mueve", en DONÉZAR, J. M. & PÉREZ LEDESMA, M. (eds.), *Antiguo Régimen y liberalismo. Homenaje a Miguel Artola. 2. Economía y sociedad*, Madrid, Alianza-Universidad Autónoma de Madrid, 1995, pp. 111-121.
- DOMÍNGUEZ MARTÍN, R. (& LANZA GARCÍA, R.), "Propiedad y pequeña explotación campesina en Cantabria a fines del Antiguo Régimen", en SAAVEDRA, P. & VILLARES, R. (eds.), cit., 1991, v. 2., pp. 173-214.
- DORNER, P., *Reforma agraria y desarrollo económico*, Madrid, Alianza, 1974.
- DURÁN, J. A., "Del <<lugar>> al <<coto redondo>>. La utopía agraria de Pardo-Bazán", *La Voz de Galicia*, 29-I-1995.
- FERNÁNDEZ CLEMENTE, E. "La enseñanza de la agricultura en la España del siglo XIX", *Agricultura y Sociedad*, 56 (1990) 113-141.
- FERNÁNDEZ PRIETO, L., *Labregos con ciencia. Estado, sociedade e innovación tecnolóxica na agricultura galega, 1850-1939*, Vigo, Xerais, 1992.
- , "Transformacions agràries i canvi social en la Galícia rural contemporània", *Estudis d'Història Agrària*, 10 (1994a) 5-25.
- , "Selección de innovaciones en una agricultura de pequeñas explotaciones. Galicia, 1900-1936. La adopción de las trilladoras mecánicas", Actas do congreso, "Cambio tecnológico y desarrollo económico", Universitat Autònoma de Barcelona, 15-16 de decembro de 1994b.
- , "Notas sobre a gandería de Galicia na segunda metade do século XIX", en VV.AA., *Estudios en homenaxe ó Profesor Dr. Carlos Alonso del Real*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1996, pp. 697-723.

- FONTANA, J., *Cambio económico y actitudes políticas en la España del siglo XIX*, Barcelona, Ariel, 1973.
- , “La fi de l’Antic Règim i la industrialització (1787-1868)”, *Historia de Catalunya*, t. V, Barcelona, edicions 62, 1988.
- FORCADELL ÁLVAREZ, C., “La difusión de la pequeña propiedad campesina en Aragón durante el siglo XIX: estrategias campesinas hacia la propietarización”, en DONÉZAR, J. M. & PÉREZ LEDESMA, M. (eds.), cit., 1995, pp. 507-517.
- GABRIEL, N. de, *Agricultura e Escola. Contra a rutina e o éxodo rural*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 1989.
- GARCÍA PÉREZ, J., “Revolución liberal y propiedad de la tierra. Una aproximación al impacto de las desamortizaciones en la España del siglo XIX”, en DONÉZAR, J. M. & PÉREZ LEDESMA, M. (eds.), cit., 1995, pp. 151-168.
- GARCÍA SANZ, A., “Introducción”, en GARCÍA SANZ, A. & GARRABOU, R. (eds.), *Historia agraria de la España Contemporánea*, Barcelona, Crítica, v. I, 1985, pp. 7-99.
- GARRABOU, R., “Régimen señorial y reforma agraria liberal en el País Valenciano: nuevos planteamientos”, *Agricultura y Sociedad*, 29 (1984) 255-269.
- , *Un fals dilema. Modernitat o endarreriment de l’agricultura valenciana, 1850/1900*, Valencia, Institutio Alfons el Magnànim, 1985.
- , “La política agraria en las Cortes de Cádiz”, en FONTANA, J. & GARRABOU, R., *Guerra y Hacienda. La Hacienda del gobierno central en los años de la Guerra de la Independencia (1808-1814)*, Alicante, Juan Gil-Albert, 1986, pp. 105-185.
- , (& PUJOL, J.), “El canvi agrari a la Catalunya del segle XIX”, *Recerques*, 19 (1987) 35-83.
- (ed.), *La crisis agraria de fines del siglo XIX*, Barcelona, Crítica, 1988.
- (et al.), “Estabilidad y cambio de la explotación campesina (Cataluña, siglos XIX y XX)”, en GARRABOU, R. (coord.), *Propiedad y explotación campesina en la España contemporánea*, Madrid, M.A.P.A., 1992, pp. 15-92.
- GARRIDO GONZÁLEZ, L., *Prensa económica (1800-1936)*, Jaén, Cámara Oficial de Comercio e Industria, 1993.
- GIL OLCINA, A., “Declive y ocaso de la enfiteusis señorial valenciana”, *Agricultura y Sociedad*, 49 (1988) 293-318.
- GRIGNON, C., “La enseñanza agrícola y la dominación simbólica del campesinado”, en FOUCAULT, M. (et al.), *Espacios de poder*, Madrid, Ediciones La Piqueta, 1981, pp. 53-84.
- GROSSI, P., *Historia del derecho de propiedad. La irrupción del colectivismo en la conciencia europea*, Barcelona, Ariel, 1986.
- GUILLEMIN, A., “Rente, famille, innovation. Contribution a la sociologie du grand domaine noble au XIXème. siècle”, *Annales ESC*, 1 (1985) 54-70.

- HALPERN PEREIRA, M., *Livre-Câmbio e Desenvolvimento Económico*, Lisboa, Sá da Costa Editora, 1983.
- HERAN, F., *Tierra y parentesco en el campo sevillano: la revolución agrícola del siglo XIX*, Madrid, M.A.P.A., 1980.
- HOBBSAWM, E. J., “Capitalismo y Agricultura: los reformadores escoceses en el siglo XVIII”, *Historia Social*, 25 (1996) 41-60.
- HUBSCHER, R., “La petite exploitation en France: reproduction et compétitivité (fin XIXème. siècle- début XXème. siècle)”, *Annales ESC*, 1 (1985) 3-34.
- LANDAIS, E. (& DEFFONTAINES, J-P.), “Les pratiques des agriculteurs. Point de vue sur un courant nouveau de la recherche agronomique”, *Études Rurales*, 109 (1988) 125-158.
- LÓPEZ ORTIZ, I. (& MELGAREJO MORENO, J.), “La propiedad de la tierra en el Bajo Segura durante el primer tercio del siglo XX”, en GARRABOU, R. (coord.), cit., 1992, pp. 191-207.
- LÓPEZ RODRÍGUEZ, P., *Campesinos propietarios. La redención de foros en la provincia de Lugo durante la I República*, Lugo, Deputación Provincial, 1985.
- LÓPEZ TABOADA, J. A., “Notas para a contribuíçom a um debate sobre mobilidade dos factores da produçom agraria: séculos XIX e primeiro terço do XX”, *Revista Galega de Economía*, 1 (1992) 49-58.
- MACRY, P., “Tra rendita e <<negozio>>. A proposito di borghesie urbane meridionali”, *Meridiana*, 5 (1989) 61-75.
- MARTÍNEZ LÓPEZ, D., “Reproducción social y parentesco en un proceso de ascensión socioeconómica en la Vega de Granada (siglos XVIII y XIX)”, *Noticario de Historia Agraria*, 5 (1993) 67-96.
- MARTÍNEZ SUEIRO, M., *La cuestión agraria en Galicia. Redención de foros y subforos. Una solución equitativa*, Ourense, 1912.
- MAYER, A. J., *La persistencia del Antiguo Régimen*, Madrid, Alianza, 1984.
- MEILÁN ARROYO, F. X., “Aproximación ao crédito na Galiza do s. XIX. Os casos da terra de Santiago e da Ulla”, *Documentos de traballo do IDEGA, Historia 1*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 1996.
- MILLÁN Y GARCÍA-VARELA, J., *Rentistas y campesinos. Desarrollo agrario y tradicionalismo político en el sur del País Valenciano, 1680-1840*, Alicante, Instituto Juan Gil-Albert, 1984.
- (& CALATAYUD GINER, S.), “Formas de explotación y mercados de trabajo en la agricultura valenciana de regadío (1800-1930)”, en GARRABOU, R. (coord.), cit., 1992, pp. 325-349.
- O'BRIEN, P. K., “Quelle a été exactement la contribution de l'aristocratie britannique au progrès de l'agriculture entre 1688 et 1789?”, *Annales ESC*, 6 (1987) 1.391-1.409.



- ORTEGA VALCÁRCEL, J., “La consolidación de la pequeña explotación agraria en Cantabria: de campesinos renteros a propietarios en precario”, en SAAVEDRA, P. & VILLARES, R. (eds.), cit., 1991, pp. 156-172.
- PALMIERI, W., “L’«offerta di stato» nell’agricoltura meridionale del primo Ottocento: trasformazioni e vincoli”, *Meridiana*, 25 (1996) 133-166.
- PÉREZ GARCÍA, J. M., “A agricultura de mediados do século XVIII a través dos seus rendementos”, *Revista Galega de Estudos Agrarios*, 6 (1982) 11-52.
- PESET, J. L. (GARMA, S. & PÉREZ GARZÓN, J. S.), *Ciencias y enseñanza en la revolución burguesa*, Madrid, Siglo XXI, 1978.
- PESET, M., *Dos ensayos sobre la historia de la propiedad de la tierra*, Madrid, Editoriales de Derecho Reunidas, 1982.
- PONS, A., “Els contractes d’arrendament al País Valencià. Una anàlisi de protocols notarials (1785-1870)”, *Estudis d’Història Agrària*, 8 (1990) 175-199.
- PRIETO, E., *Agricultura y atraso en la España Contemporánea*, Madrid, Endymion, 1988.
- PUENTE FERNÁNDEZ, L. de la, *Transformaciones agrarias en Cantabria, 1860-1930*, Santander, Universidad de Cantabria-Asamblea Regional de Cantabria, 1992.
- RINAUDO, Y., “1848: les fermes-écoles, premier essai d’un enseignement populaire”, *Annales d’histoire des enseignements agricoles*, 1 (1986) 33-44.
- RINGROSE, D. R., *España, 1700-1900: el mito del fracaso*, Madrid, Alianza, 1996.
- ROBLEDO HERNÁNDEZ, R., *La renta de la tierra en Castilla la Vieja y León (1836-1913)*, Madrid, Banco de España, 1984.
- , *Economistas y reformadores españoles: la cuestión agraria (1760-1935)*, Madrid, M.A.P.A., 1993.
- ROMANELLI, R., “Prefazione: Razionalità Borghesi”, en BANTI, A. M., cit., 1989a, pp. IX-XX.
- , “A propósito de la burguesía. El problema de la élite terrateniente en la Italia del Ochocientos”, *Ayer*, 2 (1991) 29-48.
- ROMERO GONZÁLEZ, J., *Propiedad agraria y sociedad rural en la España mediterránea. Los casos valenciano y castellano en los siglos XIX y XX*, Madrid, M.A.P.A., 1983.
- RUIZ TORRES, P., *Señores y propietarios. Cambio social en el sur del País Valenciano, 1650-1850*, Valencia, Institució Alfons el Magnànim-Diputació Provincial de Valencia, 1981.
- , “La agricultura valenciana en el siglo XVIII” en, AA.VV., *Estructuras agrarias y reformismo ilustrado en la España del siglo XVIII*, Madrid, M.A.P.A., 1989, pp. 99-132.

- , “Reforma agraria y revolución liberal en España”, en GARCÍA SANZ, A. & SANZ FERNÁNDEZ, J., *Reformas y políticas agrarias en la historia de España*, Madrid, M.A.P.A., 1996, pp. 201-245.
- RUTTAN, V. W., “What happened to technology adoption-diffusion research?”, *Sociologia Ruralis*, 36 (1996) 51-73.
- SAAVEDRA, P., *Economía, política y sociedad en Galicia: la provincia de Mondoñedo, 1480-1830*, Madrid, Xunta de Galicia, 1985.
- SALTINI, A., *Storia delle scienze agrarie*, Bologna, Edagricole, 1989.
- SÁNCHEZ MARROYO, F., *El proceso de formación de una clase dirigente. La oligarquía agraria en Extremadura a mediados del siglo XIX*, Cáceres, Universidad de Extremadura, 1991.
- SEBASTIÀ, E. (& PIQUERAS, J. A.), *Pervivencias feudales y revolución democrática*, Valencia, Edicions Alfons el Magnànim, 1987.
- SEOANE, M<sup>a</sup>. C., *Historia del periodismo en España. El siglo XIX*, Madrid, Alianza, 1983.
- STEWART, J., “The political economy of agrarian education: England in the late nineteenth century”, *The Agricultural History Review*, 42 (1994) 126-139.
- TIGAR, M. (& LEVY, M.), *El derecho y el ascenso del capitalismo*, Madrid, Siglo XXI, 1978.
- TORRE, J. de la, “Patrimonios y rentas de la nobleza y de la burguesía agraria en la Navarra de la revolución liberal (1820-1865)”, *Agricultura y Sociedad*, 67 (1993) 93-124.
- TRIBÓ TRAVERIA, G., “Evolución de la estructura agraria del Baix Llobregat (1860-1930)”, en GARRABOU, R. (coord.), cit., 1992, pp. 209-236.
- VALLEJO POUSADA, R., “Desamortización de Mendizábal y transformación del régimen de propiedad de la tierra: la redención de censos como vía formal. Pontevedra, 1836-1843”, *Agricultura y Sociedad*, 61 (1991) 97-130.
- , *A desamortización de Mendizábal na provincia de Pontevedra, 1836-1844*, Pontevedra, Deputación, 1993.
- , “La desamortización de Mendizábal en Galicia. Un estado de la cuestión”, en DONÉZAR, J. M. & PÉREZ LEDESMA, M. (eds.), cit., 1995, pp. 353-366.
- VAN ZANDEN, J. L., *The Transformations of European Agriculture in the 19th Century: The Case of the Netherlands*, Amsterdam, V.U. Uitgeverij, 1994.
- VEIGA ALONSO, X. R., *Progreso, prensa e ferrocarrís en Galicia. A actividade do conde de Palleares (1855-1883)*, Lugo, Deputación, 1996.
- VELASCO SOUTO, C. F., “O campesinado galego do século XIX nas fontes literarias e judiciais: por umha revisión de certos tópicos tradicionais”, en JUANA, J. de & CASTRO, X. (eds.), *VII Xornadas de Historia de Galicia. Novas fontes, renovadas historias*, Ourense, Deputación, 1993, pp. 75-89.

- VILLARES PAZ, R., “La <<hidalguía intermediaria>> y la desamortización en el suroeste de la provincia de Lugo”, en EIRAS ROEL, A.(coord.), *Actas de las I jornadas de metodología aplicada a las ciencias históricas. IV. Historia contemporánea*, Santiago de Compostela, Universidad de Santiago, 1975, pp. 65-72.
- , *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*, Madrid, Siglo XXI, 1982a.
- , *Foros, Frades e Fidalgos*, Vigo, Xerais, 1982b.
- , “Crisis del Antiguo Régimen en Galicia”, en GARCÍA SANZ, A. & GARRABOU, R., cit., 1985, pp. 380-394.
- , “Els foros de Galicia. Uns quants problemes i comparacions”, *Estudis d’Història Agrària*, 7 (1987) 161-185.
- , “Carlos III y la temporalidad del foro. Los pleitos sobre despojos”, en AA.VV., *Estructuras agrarias y reformismo ilustrado en la España del siglo XVIII*, Madrid, M.A.P.A., 1989, pp. 411-428.
- (& FERNÁNDEZ PRIETO, L.), “La crisi agrària del final del segle XIX y l’adaptació de l’explotació pagesa gallega”, *Recerques*, 26 (1992) 89-106.
- , *Desamortización e réxime de propiedade*, Vigo, A Nosa Terra, 1994.
- VINCENTI, E., *El problema agrario de Galicia. Redención de censos y foros. Acción parlamentaria*, Madrid, 1917.
- YOSHIYUKI KONDO, A., *La agricultura española del siglo XIX*, Madrid, Nerea, 1990.